Breviario do pensamento clásico chinés

Tradución de Fernando Pérez-Barreiro Nolla

ATG
asociación de tradutores galegos

Breviario do pensamento clásico chinés

Escollido, traducido e presentado por
FERNANDO PÉREZ–BARREIRO NOLLA

No Clásico da Poesía lese que "O vichelocrego pousa no ladiño do outeiro". E dixo o Mestre: "Pousa, e ben sabe onde. ¿E por que non ha facer o home como ese paxariño? (Confucio, Lunyu, 3,2)

Í N D I C E

Introdución

O Yi Jing, ou Libro das Evolucións

Diferentes estilos de vida e pensamento

Cosmoloxía

Actividade e quietismo

As orixes da historia

A natureza humana

Cultura e cultivo

A educación

O saber

As virtudes

A piedade filial

O modelo dos devanceiros

As maneiras e as cerimonias

Falar ou non falar de certas cousas

O home cultivado

O Mestre

A vida e a morte

Política e goberno

A guerra

O tolo de Chu

I N T R O D U C I Ó N

Chámolle breviario a esta manchea de textos pois que me propuxen ofrecer ao lector galego a oportunidade de acudir con frecuencia e rapidez ao pensamento dos sabios chineses sobre algunhas cuestións que me parecen de interese xeral. Pódese ler dunha sentada, pero non foi esa a miña intención. O que quixen foi dar unha idea da variedade de estilos e de pensamento daquela civilización. Coido que pasaron xa os tempos en que China e a súa cultura podían servir para requintes de exotismo. Quen estea interesado no mundo de hoxe non pode deixar de lado a China. E quen estea interesado no presente da China non pode deixar á parte o pasado desa cultura. Non sempre axuda, en casos como este, a versión dos naturais. Sabemos, polo que pasa noutros países, incluído o noso, que hai que peneirar moito as versións que cada un dá do seu pasado e da súa personalidade histórica. Os chineses foron e seguen sendo mestres nas artes da imaxe e da presentación. Non sería xusto acusalos de hipocrisía, a non ser que pensemos que toda arte é hipócrita. Tamén na verdade ‘oficial’ podemos atopar unha historia rica e interesante, se pescudamos as súas razóns, como foi formada e que efectos tivo.

Falouse moito, hai algúns anos, dos "valores confucianos" para explicar o éxito das prácticas capitalistas dos países, entón tan louvados, aos que se chamaba "tigres asiáticos". Podo imaxinar a sorpresa dos pensadores chineses que encetaron os camiños da modernización e do progreso a fins do século XIX e comezos do XX, se ouvisen defender como modernos e progresistas eses valores, fito das súas demoledoras críticas. Liberarse da herdanza confuciana era para eles o *sine qua non* do avance, e mesmo da supervivencia. Pode que esaxerasen, pero o que eu quero salientar aquí é que eles reaccionaban contra a versión oficial da cultura chinesa. Os que hoxe gaban os valores confucianos aceptan, en troques, a versión de que eses valores son consubstanciais coa cultura do Imperio do Centro.

Gustou sempre a China tradicional e boa parte da moderna de explicarse e presentarse ao mundo en termos confucianos. Os misioneiros xesuítas dos séculos XVI e XVII describiron en Europa unha cultura de letrados, racional e ben ordenada, e non deixa de ser curioso, aínda que ben lóxico, que os ilustrados do XVIII herdasen e aceptasen esa imaxe, que tan boa base lles daba para unha versión laica ou deísta que cadraba xusto coa súa ideoloxía.

Incluso o maoísmo utilizou, cunha complexidade que merece estudo, moitos elementos confucianos, na súa praxe política e social interna e tamén na presentación das virtudes do novo réxime ao mundo exterior. O libro de devoción escrito por Liu Shaoqi, nalgún tempo Presidente da República Popular e caído en desgraza na Revolución Cultural, titulado "Como ser un bo comunista", é de feitío confuciano.

Os que menos caeron nesa tentación de valorar e aproveitar o confucianismo foron os reformistas e modernizadores do final do Imperio e os comezos da República, é dicir, do derradeiro decenio do século XIX e os dous primeiros do XX. Algúns deles sentíronse desiludidos pola evolución tanto do maoísmo como do réxime do Guomindang. Outros, fixeron as paces e acomodáronse con un ou o outro. O máis grande, Lu Xun, morreu antes da conquista do poder polo Partido Comunista Chinés. Todos eles rexeitaron a cultura

tradicional, máis do que había de rexeitala o maoísmo.

Coido que cómpre procurar unha visión máis axustada da realidade do pensamento chinés e, sobre todo, das distintas funcións sociais e políticas das diferentes escolas en diferentes momentos da longa historia da civilización chinesa, aínda sabendo que non hai dúbida de que o confucianismo, sobre todo a partir do primeiro século antes da nosa Era Cristiá, e aínda máis despois da transformación neoconfucianista no século XII desa Era, virou ortodoxia política e administrativa do imperio.

A cuestión non é simplemente de curiosidade histórica, senón que pode dar unha das chaves para orientármonos no intricado labirinto do que acontece na China destes tempos, que tanta transcendencia ten para o futuro da humanidade. Pensemos, por exemplo, na loita do réxime, xa nos inicios do século actual, contra o movemento do Falun Gong. Nunha perspectiva histórica, a reacción violenta contra calquera movemento de inspiración relixiosa ou "mística" con proxección social foi sempre típica da minoría dirixente e ilustrada dos mandaríns confucianos. Tense dito moito que as doutrinas e as relixións non eran excluíntes na China. É certo, por exemplo, que o gran poeta Wang Wei podía ser budista na casa, como se dixésemos, e confuciano nas súas funcións de ministro imperial. Pero a ideoloxía determinante da política e do mantemento da orde social era sempre confuciana. Manter a orde fronte da ameaza estarrecedora do caos foi sempre o miolo do pensamento e do labor de goberno da China. Ousaría dicir que nunca deixou de selo, nin na corrente central do maoísmo nin no réxime actual. Cualifico o caso do maoísmo, porque Mao inspirouse moito nas ideas de escola legalista, e a Revolución Cultural non tivo moito de confuciana.

Chama a atención que moitos dos pensadores e artistas chineses máis recentes, preocupados polo problema de como se modernizaren sen se entregaren completamente á cultura occidental e perder a propia, procuran na historia do país un pasado non confuciano (porque comparten a condena do confucianismo como socialmente reaccionario e intelectualmente entalador que decretaran os seus predecesores progresistas do século XX) e vano atopar, por veces, en restos populares e rurais de concepcións arcaicas. A iso responde unha das primeiras etapas de creación do director de cinema Zhang Yimou. No seu filme "O sorgo vermello", de 1987, mostra unhas escenas de rituais chamanísticos de rogativas pola chuvia que ofenderon a moitos críticos chineses por parecerlles que daban unha idea "atrasada" do país.

Cómpre sinalar que unha cousa é o confucianismo e outra Confucio. A aparición de Confucio, Lao Zi, Mo Zi e Meng Zi nuns tempos –dous séculos aproximadamente– de cataclismos políticos e desorde social é un deses fenómenos difíciles de explicar en termos económicos, sociais ou antropolóxicos. Ocorreu nese "tempo eixo" de que fala Karl Jaspers, cunha sincronicidade pura, xa que non hai proba nin posibilidade de contacto entre Grecia, por exemplo, e a terra cha do Río Amarelo no norte da China. Eses pensadores están moi representados na miña selección, porque a verdade é que en volta deles xira a maior parte do pensamento exposto neste breviario. Tiñan tras deles unha tradición escrita que hoxe coñecemos como organizada e depurada polo propio Confucio –calquera que sexan os problemas históricos dese labor– nos Cinco Libros Clásicos. Un deles, o Yi Jing ou Libro das Transformacións, volveu á ser popular en Occidente nos nosos días como parte da espiritualidade da "Nova Idade". Cun fragmento del comeza a miña selección.

É unha tarefa apaixonante, na que os sinólogos traballan arreo, e queda moito por facer, a de entender a relación entre eses pensadores do "tempo eixo" e os anónimos que os precederon. Confucio insistía en presentarse como un continuador e cultivador da tradición, e non como un creador. Como queira que sexa, a súa pegada está presente, dunha maneira ou doutra, en case todo o pensamento posterior a el que se recolle neste breviario.

O marco do meu traballo baséase nos dous adxectivos do título: "clásico"e "chinés". Clásico non quere dicir simplemente tradicional ou antigo. Refírese sobre todo á función que me parece que ten no universo mental da civilización chinesa. Os derradeiros pensadores que incluín foron os neoconfucianos dos séculos XII e XIII da nosa Era. A refundición que eles fixeron –sobre todo Zhu Xi– consolidou a ortodoxia de que xa falamos. O labor dos neoconfucianos foi provocado seguramente polo espallamento do budismo na China. De aí que teña un carácter defensivo, pero ao mesmo tempo unha dimensión metafísica que non estaba manifesta, nin moito menos, na obra de Confucio. Non me pareceu que cadrase incluír pensamento budista neste breviario. Aínda que se poida falar dun budismo chinés, trátase dunha ou varias versións adaptadas dunha relixión traída á China por misioneiros, e non máis chinesa que o cristianismo, por exemplo. Tivo e ten enorme importancia social e popular, innúmeras manifestacións devocionais, pero non é pensamento clásico chinés no senso que lle estou dando a ese termo neste libro. Tampouco incluín textos do daoísmo relixioso (o *daojiao*, evolución ou paralelo do *daojia*). O daoísmo relixioso, a diferenza do budismo é autóctono, é moi importante na vida popular do país, pero preferín non incluílo, para entender "pensamento" como o máis afín

á filosofía, no sentido da tradición grega.

Confío en que os exemplos que ofrezo permitan ao lector albiscar algunhas oposicións de estilo de pensamento. Entre daoísmo e confucianismo, por exemplo, ou entre o confucianismo e o legalismo. Confío tamén en que iso poida axudar a quen se interese pola China moderna a entender mellor o que hai tras de determinadas avaliacións, opinións ou propostas políticas, económicas, artísticas ou da vida cotiá. Do mesmo xeito que aínda hoxe se pode rastrexar en sociedades da tradición cristiá moi secularizadas a raíz católica ou protestante de certas valoracións críticas de obras, condutas ou mesmo estilos de vida, é posíbel discernir elementos daoístas, confucianos ou legalistas nun plano económico, nunha declaración política ou nun personaxe de novela ou de filme. A escala máis grande, non deixarán de influír todos eses elementos, por remotos que parezan, consciente ou inconscientemente, na forma que vaia tomando ese coloso demográfico, cultural e militar que tanto vai pesar no Oriente e, por conseguinte, no mundo todo.

A escolla que tiven que facer non foi só a dos textos, senón tamén moitas veces a da interpretacións da súa orixe e significación. Hai inmensas cuestións filolóxicas e históricas e non sempre é doado atopar a máis verosímil. Incluso as relacións cronolóxicas entre Lao Zi e Confucio, por exemplo, non están claras nin moito menos. Hai unha danza de datas arredor de textos de importancia capital. E logo hai xa outra escolla, que é máis específica do tradutor. O chinés clásico é conciso, con moi pouca axuda sintáctica e case ningunha morfolóxica para a interpretación. Destinado como estaba a un círculo reducido e cultivado de persoas, dá por suposto que todas elas saben do que se está falando. A distancia no tempo fai difícil a nosa comprensión. Na propia tradición chinesa hai interpretacións a eito, ás veces non máis esclarecedoras que o orixinal. Os tradutores a linguas occidentais, cando hai traducións, difiren moito no xeito de entender o texto. Tentan todos, e eu tamén, ir o máis a rentes do orixinal que se poida e seguir criterios de coherencia interna do pensamento así reconstruído. Hai tamén o caso, máis orixinal, de Ezra Pound, que, sen saber chinés, inspirouse nas suxerencias visuais dos caracteres e nos coñecementos do orientalista estadounidense Ernest Fenollosa para crear uns textos que, por veces, achéganse moito a unha posíbel significación do orixinal. É un xeito artístico de utilizar a intuición moi semellante a como a ten que utilizar o tradutor. Cómpre nestas cousas conxugar a imaxinación co rigor.

Confucio viviu do 551 ao 479 a. de C., nos derradeiros anos do período chamado de Primavera e Outono, polos "Anais de Primavera e Outono" que recollen a historia do estado de Lu desde 722 a 481 a. de C. Neses tempos foi devalando o poder imperial da dinastía Zhou. Esa dinastía, que se supón fundada no século XII a. de C., é a primeira verdadeiramente histórica, aínda que hai trazas arqueolóxicas da Shang ou Yin, e da Xia que a precederon. Antes diso estamos no dominio das lendas dos primeiros emperadores. Esas lendas tiveron un valor exemplar importantísimo en toda a civilización chinesa. E a fundación da dinastía Zhou (1066 ?) veu ser o outro paradigma de virtudes. Confucio refírese decote aos reis e gobernantes desa dinastía (os reis Wen e Wu, o Duque de Zhou) como modelos da restauración moral, política e humana que el vía como a súa tarefa.

Despois de Confucio, a era dos Estados Guerreantes (403-221) é a dos grandes filósofos, "o Período dos Mestres" por excelencia. Mencio (Meng Zi , 372-269 a. de C.), o máis importante dos confucianos; Mo Zi (470-391 a. de C.), o grande orixinal que precisa aínda de moito estudo; Zhuang Zi (399-295 a. de C.), o máis poético e imaxinativo dos daoístas; Sun Pin e, probabelmente, Sun Zi, tratadistas da arte da guerra, viviron todos nese tempo. Inclínome a crer que non anda moi lonxe del Lao Zi, aínda que tradicionalmente sexa considerado como bastante anterior a Confucio. A era dos Estados Guerreantes remataría na vitoria do máis "espartano" deles, o de Qin, en 233 a. de C. Os ideólogos e reformadores que educaron a ese estado para a vitoria son os chamados "legalistas", pola súa preferencia pola lei, o dereito positivo, en vez da moralidade benevolente e exemplar dos confucianos. O máis antigo deles, Shang Yang (morreu en 338 a. de C), e o máis eficaz, probabelmente, Han Fei Zi (morreu en 233 a. de C.), falan por esa escola neste breviario.

Pouco durou a dinastía Qin (221-207 a. de C.), pero ao seu xeito brutal deixou fonda marca na cultura chinesa. O Emperador decretou a famosa queima dos libros, nunha furia unificadora do pensamento como antes o fora do territorio. Deberon de escapar moitos libros, porque na dinastía seguinte, a de Han, foi cando o confucianismo comezou a súa carreira cara á ortodoxia. A figura capital nese proceso de elaboración dunha ortodoxia é a de Dong Zhongshu (179-104 a. de C.), que fixo unha primeira síntese das ideas de Confucio coas da tradición, algo máis metafísica, do Yin e o Yang e outros conceptos dese xénero. De aí nacen as interminábeis polémicas entre os que seguían o novo texto dos clásicos ou o vello texto, que se dicía recuperado de antes da queima. Entre esas e outras polémicas e tras da introdución do budismo (xa no século I da era cristiá, pero con máis forza a partir do século VII) pasaron os séculos, sempre co contraste da tradición daoísta en contrapunto á confuciana, deica chegar ao que hoxe chamamos neoconfucianismo. Esa

síntese que comezaron algúns pensadores do século XI foi rematada por Zhuxi (1130-1200), quen *mutatis mutandis* é o Tomás de Aquino do confucianismo. Dunha das "sumas"de Zhu Xi, o titulado "*Jin si lu*" ou "Reflexións sobre o que temos á man", aparece aquí algunha cita. Despois del dividiuse o confucianismo en dúas escolas, que ás veces se chaman racionalista e idealista, pero que quedan xa fora do marco temporal deste breviario.

A escolma é breve, pero esforceime porque non fose inxusta, dentro da súa brevidade. Espero que poida dar unha idea dos estilos básicos do pensamento chinés e acordar a curiosidade de quen queira iniciar o camiño duro e gozoso da súa exploración.

Nota: Os nomes propios e os topónimos transliteráronse en *pin yin*, que é hoxe o máis xeneralizado dos sistemas, fóra dalgunhas resistencias pola súa orixe "maoísta" . Conservei os nomes de Confucio e Mencio (Kong Zi e Meng Zi) por estaren xa moi incorporados ás nosas linguas.

As datas dos autores son todas moi hipotéticas, incluso as que non aparecen con marca de interrogación. Indícanse como orientación, sen pretensión de exactitude.

Moitos dos que aparecen como nomes de autor son nomes da obra da que se lles atribúe a autoría ou a compilación.

O YI JING OU LIBRO DAS EVOLUCIÓNS

6. Song Conflito

Trigrama de acima: Qian O creativo o Ceo

Trigrama de abaixo: Kan O abismal a Auga

O Xuízo

A sinceridade tropeza con oposición e atrancos.

Cautela a metade do camiño, se ha de haber salvación,

Ir de fronte até a fin: velaí a desgraza.

Adianta ir ver ao grande home.

Non adianta atravesar o río.

O comentario (da primeira ala)

O trigrama de enriba é a forza; o de abaixo o perigo. Forza e perigo crean conflito.

Song sinala como, aínda que un sexa sinceiro, vai tropezar con oposición e atrancos. Pero hai una liña forte no medio [do trigrama de abaixo]: a cautela que pode salvar a metade do camiño.

"Ir de fronte até a fin: velaí a desgraza": non hai que levar a teima até o remate.

"É aconsellable ir ver ao grande home": o que el xulgue será o xusto medio e o lugar debido.

"Non adianta atravesar o río": quen o faga ha caer no abismo.

As liñas (de abaixo para arriba)

1. A primeira liña, partida, sinala non persistir na teima.

2. A segunda liña, enteira, sinala non estar un á altura do que sostén. Vale máis volver atrás. Non errará se se retira á súa vila de trescentos lares.

3. A terceira liña, partida, sinala perseveranza, asentada nas virtudes tradicionais. Hai perigo, pero no remate chegará a boa sorte. Se está un prestando servizo ao soberano, non reclamar o mérito.

4. A cuarta liña, enteira, sinala non estar un á altura do que sostén. Volver atrás e someterse ao fado. Mudar e proporse firmeza e rectitude.

5. A quinta liña, enteira, indica loita, e con moito éxito.

6. A sexta liña, enteira, indica que vai recibir o premio do cinto de ouro tres veces nunha mañá, e na mesma mañá retiraranllo tres veces.

(Data incerta. É un dos Clásicos que se din recompilados ou compostos por Confucio. Varias camadas textuais, probabelmente, de longa historia. Confucio atribúe as máis vellas ao período dos reis lendarios. As máis modernas poden ser de até dous séculos despois de Confucio.)

DIFERENTES ESTILOS DE VIDA E PENSAMENTO

Ser ríxido de ideas e arrogante,

Deixar o mundo e ser extravagante,

Falar de grandes principios,

Ser crítico e displicente,

Iso é o que aproban os anacoretas que viven nas montañas e nos vales,

os que están sempre desprezando aos demais,

eses que están aí como árbores murchas

e que un día se chimpan nun encoro.

Predicar a benevolencia, a rectitude, a lealdade e a fidelidade,

Ser humilde, moderado, desinteresado e cortés,

Esas son as marcas do cultivo propio

De quen actúa para a paz do mundo.

Iso é o que aproban os que queren ensinar, no seu país ou viaxando.

Falar de grandes feitos,

Facerse un gran nome,

Arranxar os rituais entre o gobernante e o ministro,

Separar os de cima dos de baixo,

Organizar o goberno do estado,

Iso é o que aproba o letrado que valora a corte e o estado, que ama ao seu gobernante e honra ao seu país, que actúa para ter poder e que se aseñora de terras.

Morar en lugares silvestres e entre lagos,

Andar por paraxes remotas,

Ir de pesca sen compaña

Actuar para non actuar,

Iso é o que aproba o fidalgo que se retira e vai vivir canda os ríos e os mares, que non se mete no que fan os seus contemporáneos, que non ten présa.

Aspirar e inspirar,

Expulsar o alento vello e inhalar o novo,

Como o urso que pasa ou o paxaro que estarrica o pescozo,

Facer exercicios para conservar o corpo e a alma,

Actuar para ter unha vida longa.

Iso é o Dao que aproba o letrado que infunde alento ao seu ser e que alimenta o seu corpo, esperando vivir tanto como Peng Zu.

Chegar ao cumio sen ideas fixas,

Seguir os camiños que levan a ser mellor sen as consabidas virtudes,

Gobernar con éxito sen conquistas nin fama,

Descansar sen ter que estar a carón dos ríos e dos mares,

Chegar á longa vida sen exercitar o alento:

Calma sen fin, asistidos por canto hai de bo.

Velaí o Dao do Ceo e da Terra, a Virtude dos sabios.

Zhuang Zi (399-295 a. de C.)

Se hai quen disfrute paseando pola beira dos ríos ou pola beira do mar (o emperador, como tal, que pode ir a todas partes e facer o que queira), ou adornando o parasol coas plumas esverdeadas (un gran ministro,

como tal), ou escoitando as músicas e presenciando as grandes danzas militares, ou escoitando os compases do Yao Lang ou a maneira de executar a música popular de Zheng e Wei, ou harmonizando os tons agudos e graves, ou disparando aos paxaros que voan alto nas beiras do Chao, ou cazando animais salvaxes no parque imperial de Yuan Tu, está ben; ao cabo, eses son os entretementos que gustan ao pobo e o embebedan. O Sabio, en cambio, non sente que en todo aquilo haxa nada que poida ser unha atracción para a súa vida espiritual ou que poida seducir a súa vontade e propósito, acordando no seu corazón unha paixón súpeta e levándoo a perder a súa verdadeira natureza. Mais ben el preferirá vivir nunha aldea pobre e escondida, ou agachado no máis fondo dun cavorco, ou retirado na fraga, habitando nunha cabana cativa que ten o tellado de herba fresca, un postigo feito de herba tamén e unha xanela feita dun anaco de louza partida, coas bisagras da porta feitas con feixes de moreira. A cabana pode ter goteiras no tellado e humidade por debaixo, e a garita que mira ao norte pode estar mollada. Logo de que a neve e a nevisca fixeron unha lameira na terra a medio derreter, el planta os seus propios melóns e o millo miúdo que non comen máis que os que non teñen nada. Vai pasear e atravesa os lameiros e logo volve a pé e abrígase na golada da montaña. A maior parte das persoas se tivesen que levar unha vida así é seguro que puñan mala cara e viraban taciturnas e atormentadas. O sabio que se ve nunha situación como esa non virará triste nin abatido nin envexoso nin misántropo, nin vai perder a súa ledicia interior por esas privacións. ¿Como é iso? Iso débese a que está en contacto co ámbito espiritual; non perde a gana de alcanzar a virtude por estar nunha situación social alta ou baixa, de riqueza ou de pobreza, de comodidade ou de labor. Igualiño que o corvo croa e a pega gralla todo o tempo sen mudar con cada mudanza do tempo, o home do Dao ten a súa mente fixada no que vale a pena, non depende das circunstancias que mudan no fluxo de todas as cousas; a súa mente non agarda polos azares da fortuna para determinar as bases da propia forza. O que eu chamo forza neste caso é que o xeito da súa vida está estabelecido no que dá paz. A alma e o corpo xorden da fonte central. Cando o corpo funciona perfectamente, a natureza e a vida están completas. Cando elas están completas, as afeccións, tales como o amor e o odio quedan xeradas. [...] O home que ten o Dao non se sente perturbado pola pobreza nin se deixa levar polo éxito. Aínda que se vexa nunha altura que dá vertixe non se sente en perigo. Non é educado ás veces e túzaro outras, non muda de cor co tempo, non brilla cando está novo e non se enferruxa cando vai vello. Non depende do poder que teña para ser estimado, nin das riquezas para se ver honrado, nin de ter forza para ser forte. Vai para diante con simplicidade, en harmonía cos flutuantes movementos do Espírito Cósmico. Por iso el é como o metal escondido nas montañas ou como a perla que está no fondo do mar. Non pensa na abundancia de diñeiro como a fonte do contentamento nin degoira os símbolos do poder. Por iso non pensa que o éxito tranquilice a mente nin que a falta de gloria sexa temíbel. Non pensa que unha posición alta vaia dar paz nin que unha posición baixa sexa cousa da que hai que ter medo. O corpo, a alma, o espírito e a vontade están cada un deles no lugar que lles destinou o Ceo.

Huai Nan Zi (segunda metade do século II a. de C.)

Alguén preguntou: ¿Cal é o primeiro e cal é o último, o confucianismo ou o daoísmo?

Baopu Zi respondeu: O daoísmo é a raíz do confucianismo e o confucianismo é unha póla do daoísmo. Primeiro de todo houbo a escola do *yin* e do *yang*, que tiña moitas prohibicións que viraron á xente restrinxida, cohibida e temerosa. Os confucianistas sabían de moitas cousas e sabían pouco do que é esencial; traballaban duro e con pouco rendemento. Os discípulos de Mo Zi dáballe moito importancia á frugalidade, mais era difícil de seguir e non se podía practicar sen outra cousa. Os legalistas eran duros e severos e non se mostraban afábeis cos demais; destruíron o sentido humanitario e a rectitude. As ensinanzas da escola daoísta son as únicas que fan que os espíritos dos homes poidan concentrarse e unirse e que as súas actuacións estean en harmonía co que non ten forma. O daoísmo abarca o que teñen de bo o confucianismo e o moísmo e combina os puntos esenciais dos legalistas e dos da Escola dos Nomes. O daoísmo muda cos tempos e responde ás transformacións do que hai no mundo. Os seus preceptos son sinxelos e doados de entender; as súas obras son poucas e os seus triunfos moitos. Está consagrado á sinxeleza que conserva a Grande Herdanza e está estreitamente vencellado á fonte verdadeira e auténtica.

Baopu Zi (253-333 d. de C.)

COSMOLOXÍA

Zhou Dunyi dixo: ¡O Ilimitado ! ¡O Límite Absoluto !

O Ilimitado ao se mover crea yang. Cando o movemento remata na súa fin, vén a tranquilidade. Coa tranquilidade, o Ilimitado crea *yin*. Cando a tranquilidade remata na súa fin, comeza outra vez o movemento. O movemento e a tranquilidade veñen a cadansúa vez, e son cada un deles a raíz do outro, e un crea o *yang* e o outro o *yin*, distintos un do outro, e así é como estes aparecen.

Ao mesturarse o *yang* co *yin* xorden os cinco elementos: auga, lume, madeira, metal e terra.Cando esas cinco enerxías están ben conxuntadas, as catro estacións sucédense como é debido.

Os Cinco Elementos son un tecido de *yin* e *yang*, e *yin* e *yang* forman o Límite Absoluto. O Límite Absoluto confúndese co Ilimitado. Os Cinco Elementos xorden, cada un coa súa natureza.

Coa unión misteriosa do Ilimitado, que é real, co *yang* e o *yin* e cos cinco elementos nace o conxunto. O Ceo é masculino e a Terra feminina. Esas dúas enerxías, unha coa outra, crean e mudan os millóns de cousas. Os millóns de cousas crean e reproducen e as transformacións non paran.

O home recibe as enerxías máis inxéis e por iso ten máis intelixencia. Chégalle o seu corpo material e vai desenvolvendo o espírito. O mundo exterior provócalle os cinco principios morais da súa natureza, e comeza a ter unha conduta; o ben e o mal distínguese un do outro e así aparecen as actividades humanas.

Zhu Xi (1130-1200 d. de C.)

As forzas vitais do ceo e da terra xúntanse para formar unha unidade, divídense para formar o *yin* e o *yang*, sepáranse nas catro estacións do ano e arránxanse en cinco elementos. Por "elemento" hai que entender neste caso actividade. Como cada unha das actividades é diferente, falaremos das cinco actividades. As cinco actividades son os cinco axentes. Ao se sucederen unha á outra con orde, orixínanse unhas a outras, mentres que nunha orde diferente unhas vencen a outras. No goberno, por tanto, se unha viola esta orde haberá caos, e se segue a orde todo estará ben gobernado.

Dong Zhongshu (179?-104? a de C.)

[...] A madeira é o axente da agricultura, e a agricultura é a ocupación do pobo. Se o pobo non obedece e se rebela, o Ministerio do Interior castigará aos rebeldes, e así o metal vence á madeira.

[...] O metal é o axente do Ministerio do Interior. Se é frouxo e non sabe usar os homes e os funcionarios como ten que ser, o Ministerio da Guerra terá que castigalo. E así o lume vencerá ao metal.

[...] O lume é o axente do Ministerio da Guerra. Se fai mal e calumnia e traizoa ao gobernante, os que administran a lei terán que castigalo. A auga rexe a lei e polo tanto neste caso a auga vencerá ao lume.

[...] A auga rexe a lei. Se os que administran a lei son parciais e inxustos e usan as leis para castigar e máis nada, o Ministerio de Traballo terá que intervir. E polo tanto a terra vencerá á auga.

[...] A terra é o axente dos que serven ao rei. Se o rei é farfallán e gastador, e non sabe comportarse como é debido, o pobo revirarase, e cando o pobo se revira, o gobernante está perdido. E así a madeira vence á terra.

Dong Zhongshu (179?-122? d. de C.)

O Dao que se chama Dao non é o Dao inmutábel.

O nome que se nomea non é o nome inmutábel.

O que non ten nome está na orixe do Ceo e da terra.

Cando se nomea é xa a Nai da multitude das cousas.

Sempre sen existencia,

buscámolo no seu segredo.

Sempre existente,

buscámolo no que aparece.

Os dous teñen a mesma orixe, con nomes diferentes;

os dous son misterio.

E o misterio do misterio

é a porta do segredo.

Lao Zi (séc. VII a. de C. ?)

O Dao avanza retrocedendo.

O Dao actúa sendo feble.

A multitude das criaturas nacen do Existente,

e o Existente nace da Nada.

Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

Trinta raios xúntanse no cubo da roda,

sen o oco do medio, ¿para que vale o carro?

Cunha penla de arxila faise o xerro;

sen o baleiro dentro ¿para que vale o xerro?

Abrimos portas e xanelas nas paredes da casa,

sen espazos baleiros, ¿para que vale a casa?

O que se toca ten o seu proveito,

pero o que non se toca é o que vale de veras

Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

¿Será que o Ceo se move?

¿Será que a Terra está queda?

¿Loitarán polo seu posto o sol e a lúa?

¿Quen mandará en todo isto?

¿Quen o conxuntará?

¿Quen, sen nada facer, o fará todo?

¿Que será o que, escondido, fai que as cousas

veñan ser o que son, mais que non queiran?

¿Ou será que todo xira porque non sabe parar?

¿Virán da chuvia as nubes, ou as nubes da chuvia?

¿Quen as inflará e as desfará en auga?

¿Quen, sen nada facer, xerará esta luxuria das cousas?

Veñen do Norte os ventos,

e sopran ora ao Leste ora ao Oeste,

e arremuíñanse e van aló no alto.

¿De quen será o alento?

¿Quen os empuxará, ficando quedo el mesmo?

Zhuang Zi (399-295 a. de C.,

¿Cal é a diferenza entre *Dao* e *Li*? O Dao é o camiño; o Li é o padrón . "¿Como as riscas da madeira?" preguntou un. "Así é", respondeu Zhu Xi. "Entón vén sendo a mesma cousa", dixo o que preguntara. "Non", seguiu Zhu Xi, "O Dao abrangue todo; o Li son as moitas veas e deseños que o Dao ten. O Dao é o conxunto, o Li está nos detalles".

Zhu Xi (1130-1200 d. de C.)

Houbo "o comezo"; houbo un comezo dunha anterioridade a ese comezo; houbo un comezo dunha anterioridade aínda antes do comezo desa anterioridade. Houbo "a existencia". Houbo "a non existencia".

Houbo o "non aínda o comezo da non existencia". Houbo o "non aínda o comezo do non aínda o comezo da non existencia".

O que quere dicir iso de que "houbo o comezo" é que había unha enerxía complexa que non tiña aínda pululado en forma xerminal, nin en forma ningunha visíbel de raíz, semente ou rudimento. Aínda así, neste vasto e impalpábel baleiro víase o desexo de nacer, de comezar a vivir, mais os xéneros da materia non estaban formados.

No "comezo da anterioridade antes do comezo", o fluído do ceo descendeu e o fluído da terra ascendeu. Os principios masculino e feminino beixáronse, inspirando e batendo as ás entre os elementos do cosmos. As forzas movéronse con vagar de acá para alá, perseguindo, competindo, entrando unhas noutras. Revestidas de enerxía, escorregaron, peneiraron, separáronse, empreñaron os diversos elementos ao se moveren polo fluido océano, cada aura querendo unirse con outra, aínda que polo momento non aparecera ningunha forma creada.

Na fase do comezo dunha anterioridade antes do comezo da anterioridade, o ceo contiña o espírito da harmonía, mais aínda non descendera, e a terra acariñaba o fluído vivificante, mais aínda non ascendera. Era espazo, quieto, desolado, vaporoso, un estado de pingas de orballo cunha semellanza de oco e forma. O fluído vitalizante aboiaba dun lado para outro, camada sobre camada.

Huai Nan Zi (segunda metade do século II a. de C.)

"Querería non falar", dixo Confucio."E se ti non falas, ¿que imos ter para contar nós, os teus discípulos?", preguntou Zigong.

"¿Onde viches que a Natureza fale? Pasan unha tras doutra as estacións, nacen a millóns as cousas, ¿e oes ti que diga algo a Natureza?

Confucio (551-479 a. de C.)

ACTIVIDADE E QUIETISMO

Coller o mundo e, actuando, transformalo.

Eu sei que non se pode.

O mundo é un cáliz sagrado;

non se pode andar nel,

non se pode collelo para un.

Se andas nel estrágalo,

se o colles para ti halo perder.

Criaturas, hainas que van adiante ou van atrás,

hainas que suspiran e hainas que respiran fondo,

hainas fortes e hainas febles,

hainas que gañan e hainas que perden.

Por iso o sabio foxe do exceso,

foxe do abuso, foxe da arrogancia.

Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

O que ha rematar encollido, ten que estar estalicado primeiro.

O que ha rematar feble, ten que ser forte primeiro.

O que ha rematar rexeitado, ten que ser estimado primeiro.

O que ha de rematar despoxado, ten que ser abastado primeiro.

Aí tendes o principio máis velaíño:

o dondo e feble vence ao duro e forte.

O peixe non debe saír do fondo das augas.

O soberano non debe amosar as súas armas.

Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

Cando no mundo todos din: ‘isto é a bondade’

é cando nace a maldade.

Porque o escondido e o manifesto, cada un nace do outro,

o fácil e o difícil , cada un vén do outro,

o longo e o curto, cada un revela ao outro,

o alto e o baixo, cada un mide ao outro,

a voz e o son, unha co outro casan,

e o antes e o despois, un vai seguindo ao outro.

Por iso o Sabio actúa sen actuar,

ensina sen falar,

A multitude das cousas van vindo cara a el,

e nada lles nega.

Crea e non garda.

Fai o seu labor, e non o atesoura.

Remata a obra e non se agarra a ela.

E porque non se agarra a ela, ninguén lla pode tirar.

Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

Na procura do saber, algo gañas cada día;

na procura do Dao, algo perdes cada día.

Perde e segue perdendo

até chegares ao non facer:

O non facer aquel co que nada queda sen facer.

Para gañar o mundo hai que perdelo todo.

Se vas sempre teimando nas túas cousas

non has chegar xamais a gañar o mundo.

Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

Mo Zi dixo: Nestes tempos, os que mandan e os altos funcionarios que gobernan a nación queren todos os seus estados ricos, as súas poboacións numerosas e as súas administracións ben ordenadas. Emporiso o que acadan non é riqueza senón pobreza, non unha poboación numerosa senón unha minguada e non orde senón caos. De feito, non conseguen o que queren senón o que aborrecen. ¿E por que será isto? E Mo Zi dixo: É porque hai moitos fatalistas.

Os que avogan polo fatalismo din: "Se o fado decreta que o estado será rico, entón será rico; se decreta que será pobre, entón será pobre. Se decreta que a poboación será numerosa, entón será numerosa; se decreta que será escasa, entón será escasa. Se decreta que haberá orde, entón haberá orde: se decreta que haberá caos, entón haberá caos. Se decreta que un home terá unha vida longa, entón terá unha vida longa; se decreta que vai morrer novo, entón morrerá novo. Aínda que un home queira loitar contra o fado, ¿que pode facer?". Expoñen esas doutrinas aos dirixentes e aos altos funcionarios, e non deixan que a xente prosiga co seu labor. Por tanto, os fatalistas non teñen a virtude da humanidade, e hai que ter coidado co que din.

¿Como sabemos que o fatalismo é cousa dos ruíns? En tempos antigos houbo xentes empobrecidas que degoxaban comida e bebida pero tiñan preguiza para facer as tarefas e así chegou o día que non tiveron abondo que comer e beber e pasaron frío e fame. Pero non tiveron siso para dicir: "temos poucas virtudes e

valemos pouco e non fomos dilixentes nas tarefas que tiñamos que facer". En vez diso dixeron: "O fado decretou que sexamos pobres". Noutros tempos houbo reis malvados que non controlaron as paixóns que lles entraban polos ollos e as orellas nin os perversos degoiros dos seus corazóns. Co tempo, foron perdendo todo e trouxeron destrución para todos. Pero non tiveron siso para dicir: "temos poucas virtudes e valemos pouco e non gobernamos ben". En vez diso dixeron: "O fado decretou que fracasásemos".

Por tanto Mo Zi dixo: Se os homes cultivados de verdade aborrecen a pobreza e queren enriquecer o mundo, se de verdade aborrecen a desorde e queren traer orde ao mundo, teñen que condenar as doutrinas dos fatalistas, que fan moito dano a todos.

Mo Zi (470?-391? a. de C.)

AS ORIXES DA HISTORIA

Cando en tempos antigos Fu Xi gobernaba o mundo, ollou para riba para esculcar os fenómenos dos ceos e ollou para baixo para dexergar os perfís da terra. Observou as características dos paxaros e das feras e como estaban adaptados ao contorno onde vivían. Tirou algunhas ideas de observar o seu propio corpo e pasou disto a tirar outras ideas de observar outras cousas. E así foi como inventou os oito trigramas, co propósito de comprender as virtudes dos seres espirituais e representar a condición de todo o que forma a creación. Atou cordas e fixo redes para cazar e pescar. Esa idea seguramente a tirou do hexagrama *li*.

Logo de que morreu Fu Xi veu Shen Nong, que tallou unha peza de madeira para facer a rella do arado e torceu outra peza para facerlle unha rabiza e ensinoulle ao mundo as vantaxes de arar e de sachar a terra. Esa idea tirouna seguramente do hexagrama *yi*.

Estabeleceu mercados na hora do mediodía e mandou que todos trouxesen todos os bens que tiñan e os cambiasen por outros e despois volvesen á casa e que así todo caese ben no seu sitio. Iso seguramente o tirou do hexagrama *shi he*.

Logo de que morreu Shen Nong, viñeron o Emperador Amarelo e Shun. Estes entenderon a mudanza e fixeron que as persoas non se aburrisen, transformándoas co espírito para que quedasen arranxadas como debe ser. Cando o Cambio segue un curso determinado até chegar ao extremo, muda de dirección, e ao mudar é capaz de continuar, e ao continuar consegue durar moito. Así o Cambio recibe axuda do Ceo, e trae boa fortuna e non trae nada que non sexa beneficioso.

O Emperador Amarelo e Shun deixaron que os seus vestidos, os da parte de arriba e os da parte de abaixo, pendesen, e o mundo quedou ordenado. Iso tiraríano seguramente dos hexagramas *qian* e *gun*. Furaron troncos para facer embarcacións e acepillaron táboas para facer temóns, e coas vantaxes que lles daban as embarcacións e os temóns abriron novas vías de comunicación con lugares afastados, para proveito do mundo. Iso seguramente o tiraron do hexagrama *huan*. Fixeron a xunta de bois para arrastrar cargas pesadas e montaron cabalos para andar longas distancias, beneficiando así ao mundo. Iso tiraríano seguramente do hexagrama *sui* . Eles trouxeron portas duplas e vixilantes con badalos de madeira para gardar contra os ladróns, e iso tirárono do hexagrama *yu.* Partiron a madeira para facer a man do morteiro, abriron furados no terreo para os morteiros e con iso déronlle á humanidade as vantaxes do morteiro e da man. Isto tiraríano seguramente do hexagrama *xiao gu*. Encordoaron un anaco de madeira para facer un arco e tallaron frechas de pau e trouxeron ao mundo os beneficios do arco e a frecha. E iso tirárono do hexagrama *gui*.

Yi Jing

Os máis antergos dos devanceiros vivían no seo do Dao; o desexo estaba controlado e a paixón dominada, e polo tanto o espírito non andaba vagabundo por camiños que lle eran alleos. Os antigos obtiñan repouso da calma da creación. Non os perturbaban os efectos funestos dos cometas nin a cola da Osa Maior, que, por moi danosos que sexan, eles non deixaban que os atordasen cando aparecían.

Nesa época a xente vivía nun estado de sinxeleza arcádica: comían e paseaban polo campo, dábanse pancadas coa palma da man no estómago e estaban contentos. Todos xuntos gozaban coas bendicións do ceo e comían os froitos da terra. Non andaban á porfía en todo nin reconviñan uns aos outros nin discutían sobre o que estaba ben e o que estaba mal. Había paz e abundancia. E isto é o que podería chamarse o Goberno Ideal.

Igual que os peixes esquecen a súa existencia nos ríos e nos lagos, os homes esquécense a si mesmos na súa relación coa maneira e a arte do Dao. O home perfecto doutros tempos permanecía xusto na raíz e no centro do ser, nos alicerces mesmos do ceo e da terra, e movíase como quería, libre e sen apresurarse, neste asento central do ser. Apreciaba e difundía a virtude, atizaba o espírito que leva á harmonía da existencia e dese xeito facía posíbel que a creación acadase a plena madureza.

Huai Nan Zi (segunda metade do século II a. de C.)

A NATUREZA HUMANA

O que vén do Ceo é a natureza; o que dela decorre chámase o Dao; o cultivo do Dao chámase aprendizaxe.

Confucio (551-479 a. de C.)

A substancia é tan importante como o adorno, e o adorno como a sustancia. Se lle tiras o que leva enriba, tanto ten a pel dun tigre ou dun leopardo como a dun can ou unha ovella.

Confucio (551-479 a. de C.)

Díxolle Gao a Mencio: " A natureza humana é como a auga arremuiñada nun corgo. Se lle fas unha abirta para o leste, vai para o leste; se lle fas unha abirta para o oeste, vai para o oeste. Á natureza humana tanto lle ten ser boa como non ser boa, igual que á auga tanto lle ten ir para o leste como ir para o oeste".

Respondeu Mencio: "É certo; á auga tanto lle ten ir para o leste como para o oeste. ¿Pero tanto lle terá tamén ir para riba ou para abaixo? A natureza humana corre para a bondade igual que a auga corre para abaixo. Non hai home que non vaia cara á bondade nin auga que non corra para abaixo. Podes bater a auga e facela choutar, e até pode que che pase por riba da cabeza, e podes facela ir por un coto arriba se a metes nun encoro. ¿Pero vasme dicir que está iso na natureza da auga? Hai que forzala para iso. Así hai que facer para que o home non practique a bondade.

Mencio (372?-289? a. de C.)

Todos temos unha mente que non pode aturar o sufrimento dos outros. Os reis de antano tiñan esa mente compasiva, e por iso o seu goberno era moi compadecido. Con mente e goberno compadecidos era ben doado ter o mundo na palma da man. Aínda hoxe –e aí tedes un exemplo do que digo de que ninguén pode aturar o sufrimento dos outros– , se alguén ve caer un neno nun pozo, sufrirá desacougo e tristeza. E non é polo que lle vaian dar os pais do neno, nin para que o gaben os veciños ou os coñecidos, nin por que non queira coller fama de desapiadado. Aí vemos que sen compaixón non hai ser humano, sen vergoña e noxo non hai ser humano, sen modestia e gratitude non hai ser humano, sen aprobación e desaprobación non hai ser humano. A compaixón é a base da virtude da humanidade; a vergoña e o noxo son a base da rectitude; a modestia e a gratitude son a base das maneiras; a aprobación e a desaprobación son a base do coñecemento. A persoa ten eses catro principios igual que ten dous brazos e dúas pernas. Se, tendo como ten eses catro principios, di que non pode usalos, estase roubando a si mesmo, e se di que o seu soberano non pode usalos, está roubando ao seu soberano. Quen deixe desenvolver eses catro principios que ten –e témolos todos– será como o lume que comezou a arder ou como o manantío que abriu a súa canle. Ao desenvolverse serán quen de apreciar e protexer canto hai entre os catro mares. Pero se non lles deixan desenvolverse non serán quen de nin sequera atender aos pais.

Mencio (372?-289? a. de C.)

"Confucio gababa a auga, e dicía ‘¡A auga; ai, a auga!’ ¿Que vía na auga para admirala tanto?", preguntoulle Xun Zi a Mencio.

E Mencio respondeu: "O manantío mana e non para, e non apouca nin polo día nin pola noite, enche a súa canle, e corre, e dá chegado aos catro mares. Ter fonte dese xeito é o que merece louvanza. Cando non hai fonte, aí tes a auga da chuvia que cae no sétimo e no oitavo mes, xúntase e enche as tralleiras das leiras, mais de alí a un pouco seca. Por iso, cando a fama é máis que os feitos, o home cultivado sente vergoña.

Mencio (372?-289? a. de C.)

A natureza do home vén sendo igual que os ollos. Cando durmimos, os ollos están pechados e non hai máis que escuridade. Acordamos e entón poden ver. Seguramente que antes de acordarmos xa tiñan eles substancia para a vista, pero o caso é que non vían. Pois todos os humanos temos tamén esa substancia no fondo, pero non acordou. Vén sendo como se estivésemos durmidos e aínda non tivésemos acordado. Fáltalle aínda aprender a ser boa. Antes de acordar ten no fondo a substancia para chegar a ser boa, pero non é boa aínda.

Dong Zhongshu (179-104 a. de C.)

Non hai máis que un padrón no universo. A natureza humana entra nese padrón. Se, con todo, hai xente boa e xente má é porque a enerxía corporal (qi) de cada un é diferente, limpa en algúns e deturpada noutros.

Zhu Xi (1130-1200 d. de C.)

O padrón precisa de onde aplicarse, e por iso encarna no sistema da enerxía corporal, que é de diferente calidade e cantidade en cada un.

Zhu Xi (1130-1200 d. de C.).

O que recibe un sistema de enerxía corporal claro é un sabio ou un santo, como unha perla en auga limpa e cristaíña. O que recibe un sistema de enerxía corporal deturpado é un idiota ou un tarado, como unha perla en auga turba. O que os clásicos chaman "dar máis brillo á virtude brillante" consiste en meter as mans nesa auga turba, rescatar a perla e limpala.

Zhu Xi (1130-1200 d. de C.)

A natureza humana non é boa. A bondade é o resultado da actividade deliberada. O xeito da natureza de home é que nace querendo facer proveito. Se se deixa levar por esa afección ao proveito, ten que estar sempre en conflito, debaténdose e pelexando, e todo o sentido de cortesía e humildade que puidese ter desaparecerá. O home nace con sentimentos de envexa e de odio, e se se deixa levar por eles, rematará na violencia e no crime, e todo o sentido que puidese ter de lealdade e de boa fe desaparecerá. O home nace desexando o que lle entra polos ollos e polas orellas, inclinado ao que teña boa vista e ao que soe ben. Se se deixa levar por esa inclinación, será consentido e abandallado, e todos os principios correctos e as maneiras cultivadas esvaerán. De aí que todo home que se deixe levar pola súa natureza e polas súas emocións acabará inevitabelmente en pelexas e combates, violará todas as formas e normas da sociedade e acabará sendo un criminal. Polo tanto, o home debe ser primeiro transformado polas instrucións dun mestre e guiado por principios rituais, e só daquela será capaz de observar os ditados da cortesía e a humildade, obedecer as formas e as normas da sociedade e pórse en orde. Dedúcese disto, pois, que a natureza do home non é boa e que a súa bondade prodúcese como resultado dunha actividade deliberada.

Unha peza de madeira que estea torcida deberá esperar a que alguén a deite contra unha placa de achaiar e a bata para endereitala; unha peza de metal zocha terá que esperar a que alguén a adoe para quedar ben aguzada. Do mesmo xeito, dado que a natureza do home non é boa, debe agardar polas instrucións dun mestre para poderse endereitar, e pola guía dos principios formais para se por en orde. Se os homes non teñen mestres que os instrúan, inclinaranse ao mal e non serán rectos, e se non teñen principios que os guíen, serán perversos e desmandados e non terán orde ningunha nas súas vidas. Noutros tempos os reis sabios decatáronse de que a natureza humana non é boa e que inclina ao mal e á violencia e que non é recta nin ordenada. Por conseguinte crearon principios formais e sentaron algunhas normas para reformar a natureza emocional do home e endereitala, para ensinala e transformala e guiala por onde é debido. Desta maneira conseguiron que todos os homes se endereitasen e se acomodasen co Dao. E por iso hoxe todo home que segue as instrucións do seu mestre, se aplica nos estudos e se axusta aos principios sentados pode chegar a ser un home superior, pero todo o que se deixe levar pola súa natureza emocional e consinta as súas paixóns e non faga caso dos principios asentados virará home ruín. Dedúcese de todo iso, pois, que a natureza do home non é boa e que a súa bondade prodúcese como resultado dunha actividade deliberada.

Mencio afirma que o home é capaz de aprender porque a súa natureza é boa, pero eu digo que non é así. O que indica iso é que Mencio non entendeu verdadeiramente a natureza humana nin distinguiu ben entre a natureza básica e a actividade deliberada. A natureza é o que vén dado polo Ceo e nin se pode aprender nin adquirir con teimosía. Os principios asentados, en cambio, son creados polos sabios; pódense aprender se un quere e pódense cumprir. Esa parte do home que non se pode aprender nin adquirir por máis que se queira é o que chamamos a natureza humana; a parte del que se pode adquirir aprendendo e perfeccionar con traballo e empeño é o que chamamos a actividade deliberada.

É parte da natureza do home que os seus ollos poidan ver e os seus ouvidos ouvir. A facultade de ter boa vista non poderá existir nunca separada do ollo e a facultade de ter un ouvido agudo non pode existir sen a orella. É dicir, que non se pode adquirir boa vista e bo ouvido por moito que se estude. Mencio afirma que a natureza humana é boa e que todo o mao xorde de que perde a súa natureza orixinal. Eu creo que iso é un erro. Non se pode evitar que a natureza do home, axiña que nace, comece a perder a súa inocencia e simplicidade orixinal, e por tanto perderá inevitabelmente o que Mencio chama a súa natureza orixinal. Dedúcese disto que a natureza humana non é boa.

Os que sosteñen que a natureza é boa gaban e aproban todo o que non perda a simplicidade e a inocencia infantil. Eles consideran que a beleza vai coa simplicidade e coa inocencia orixinais e que a bondade é tan

inseparábel da mente orixinal como a boa vista é inseparábel do ollo e o bo ouvido da orella. Para eles a bondade é tan propia da natureza humana como a vista é propia do ollo e o ouvido da orella. Pero o natural no home é que cando ten fame queira comer, cando ten frío queira estar quentiño, e cando está canso queira repouso. Esa é a natureza dos sentimentos do ser humano. Así que se o home seguise a súa natureza emocional, non habería nin cortesía nin humildade, porque a cortesía e a humildade van contra da natureza humana. Está claro, entón, que a natureza humana é má, e que a bondade decorre dunha actividade deliberada.

Xun Zi (300?-238? a. de C.)

A orixe das dificultades do soberano está en ter que fiar noutros. Fiar noutros é depender deles.

Os ministros non son familia do soberano, pero, tal como son as cousas, teñen que servilo. Están sempre a espialo, mentres que el non fai máis que desprezalos. Por iso hai no mundo tanta usurpación e rexicidio.

Se o soberano fía moito nun fillo, os ministros tortos empregarán ese fillo para os seus fins perversos. Así foi como Li Dui se pasou ao rei de Chao e matou de fame a Zhou Fu. Se o soberano fía moito na súa muller, os ministros tortos empregarana para os seus fins perversos. Así foi como She, o cortesán choqueiro, axudou a Li a Poldra Preta a matar a Shen Sheng e pór no trono a Xi Ci. Se non pode un fiar nin na muller nin no fillo, ¿como vai fiar nos alleos?

Nun reino de dez mil carros como nun de mil, a raíña, as concubinas e o príncipe herdeiro, todos eles devecen por que morra axiña o soberano. Preguntaredes por que sei isto. Veredes. A muller non é do sangue do marido, que deixa de querela cando xa non lle provoca desexo. De aí que se diga moito "muller querida, fillo no colo". Pero tamén, pola contra, poderíase dicir "muller non querida, fillo abandonado". O home segue tan afeccionado ás mulleres aos cincuenta anos como de mozo, pero a muller perde a beleza aos trinta. Cando a muller murcha ten que seguir ofrecéndose ao home aínda rexo, vai camiño de ser abandonada, e os fillos empezan a ter medo de perder a herdanza. De aí vén que todos eles vivan pensado na morte do soberano.

Só cando a muller vira raíña viúva e o fillo está no trono é cando os decretos se obedecen e as prohibicións se cumpren. Ela pode gozar de amores novos e mandar nun reino de dez mil carros. Non hai por que se estrañar de que haxa tantos envelenamentos e enforcaduras ás escusadas.

Por iso os Anais de Primavera e Outono din de Dao Wu: "Non chegan á metade os gobernantes que morren de morte natural". Se o soberano non se decata dese risco, fervellarán por todas partes as sementes do desastre. Como tamén din, "se a morte do soberano aproveita a moitos, o perigo é manifesto".

Han Fei Zi (?- 233 a. de C.)

CULTURA E CULTIVO

Recoñece o masculino, non perdas o feminino,

e serás como o leito do río do mundo,

e o leito do río do mundo non se aparta do camiño da virtude,

e vai e volve a cando eras neno.

Recoñece o branco, non perdas o negro,

e serás como o padrón do mundo,

e o padrón do mundo non se aparta do camiño da virtude,

e vai dereito, sen ningún extravío

e vai e volve ao infinito.

Recoñece o honroso, non perdas o vergoñoso,

e serás como o val do mundo.

e o val do mundo ten abondo da vida da virtude

e remata na sinxeleza orixinal.

E cando a sinxeleza orixinal quebra, velaí as ferramentas,

e o sabio fai delas ministros e funcionarios.

Pero o xastre mellor é o que non corta.

Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

O Mestre estaba ameazado en Kuang, e dixo: Morto El-Rei Wang, ¿non aniña a cultura en min? Se o Ceo quere que a cultura desapareza, non deixará que un mortal coma min a leve en si. E se non quere que desapareza, ¿que me poden facer os homes de Kuang?

Confucio (551-479 a. de C.)

Zigong respondeulle [a Confucio]: "Segundo di no Clásico da Poesía: como quen corta e lima, como quen brune e cicela".

Confucio (551-479 a. de C.)

Pode ser que nas letras valla eu tanto coma outros; mais se falamos do carácter do home cultivado, que se conduce como di que hai que conducirse, aínda non cheguei a ese carácter.

Confucio (551-479 a. de C.)

O estímulo vén do Libro da Poesía, a construción do Tratado das Maneiras, a perfección dánola o Libro da Música.

Confucio (551-479 a. de C.)

A natureza aproxímanos, o que facemos dela afástanos.

Confucio (551-479 a. de C.)

Gong Du preguntou: "Sendo os homes todos iguais, ¿como é que os hai máis grandes e máis cativos?". E Mencio respondeu: "Os que lle fan caso ao que teñen de grande son grandes, e os que lle fan caso ao que teñen de cativo son cativos". "¿E logo? –seguiu preguntando Gong Du–, "¿como é que uns lle fan caso ao que teñen de grande e outros ao que teñen de cativo?". Explicou Mencio: "O oficio dos sentidos da vista e do ouvido non é pensar e están entupidos polas cousas. Cando unha cousa se xunta coa outra, lévanos por outro camiño. A mente é a que ten o oficio de pensar. E pensando sabe o que é ou non é, e se non pensa, non o sabe. Isto é o que o Ceo nos deu. Se te afirmas na mellor parte do que tes, a peor non ha de levarcha. Iso, e máis nada, é o que fai grande ao home".

Mencio (372?-289 a. de C.)

Le poucos libros, pero fai do que les unha experiencia persoal, unha vez e outra e outra máis, e non penses na ganancia que vas ter. Non precisas máis que atender a estas tres cousas.

Zhu Xi (1130-1200 d. de C.)

Se non lemos abondo non teremos con que pescudar nin comparar para dar coa esencia dos principios da conduta. Os libros son para manter e apoiar o espírito. Se nos deixamos ir, perdemos carácter mentres imos indo. Se estamos lendo, o espírito mantense. Se non lemos, non imos dar entendidos nunca os principios da conduta.

Zhu Xi (1130-1200 d. de C.)

"Vou ousar preguntarche en qué superas a Gao", díxolle Gonsang Chou a Mencio. E Mencio respondeu: "Eu entendo as palabras. Sei coidar ben do meu apaixonado qi.

"¿E a que lle chamas o teu apaixonado qi? "É difícil de explicar. É moi grande e moi forte. Se coidas del como é debido e non o magoas, ocupa o mundo enteiro. É compañeiro e servente do Dao, e de nada vale sen el. Medra ao írense xuntando accións xustas, pero non se acada cunha de cando en vez. Se a conduta non se acomoda na mente, esmorece o qi. Por iso digo eu que Gao non chegou a entender a xustiza, porque pensaba que era cousa externa.

Hai que cultivala, pero non se pode rexela. Non hai que esquecela, pero non se pode forzala para que medre. Non vaia pasarnos como o conto daquel home de Song que tanto o preocupaba que o centeo non medrase como el quería que tiraba del para arriba coas mans. De volta da leira díxolle aos da casa: "Moi cansado veño de tanto axudar ao centeo a que medre ben". O fillo foi correndo a ver o centeo e encontrouno todo arrincado. Poucos haberá neste mundo que non traten o seu qi como quen axuda a medrar o centeo. Hainos que pensan que non vale a pena de atendelo, e non o limpan. E moitos que o atenden tiran del coas mans. Así non lle fan ben ningún, e por riba desgráciano.

Mencio (372?-289? a. de C.)

O SABER

Nunha aldea de vinte fogares ten que haber quen faga tanto polos demais como eu fago, e quen sexa de tanta palabra como eu son. O que seguramente non haberá é alguén que teña tanta ansia por aprender como eu teño.

Confucio (551-479 a. de C.)

¿Como hei de ousar dicir que son un sabio ou un home de ben? Quizais poderán dicir de min que aprendo arreo e que non canso de ensinar por moito que ensine.

Gong Xi Hua respondeu: Velaí o que nós, os teus discípulos, non podemos aprender de ti.

Confucio (551-479 a. de C.)

Saber sen reflexionar deixa enredado; reflexionar sen saber pon a un en perigo.

Confucio (551-479 a. de C.)

Quen aloumiña o que sabe de moito tempo e vai aprendendo o que atopa de novo ten o que fai falla para ser un mestre.

Confucio (551-479 a. de C.)

¿Queres que che diga, You, o que é saber? Cando sabes algo, dicir que o sabes, e cando non o sabes, dicir que non o sabes. Iso éche o saber.

Confucio (551-479 a. de C.)

Hui non me vale para cada; parécelle ben canto digo.

Confucio (551-479 a. de C.)

Quen coñece aos outros é listo,

quen se coñece a si sabe.

Quen conquista aos outros ten forza,

quen se conquista a si é forte.

Quen sabe contentarse é rico,

quen persevera é constante.

Quen non deixa a súa posición, dura;

quen morre e non acaba, vive.

Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

A EDUCACIÓN

Aprender e aloumiñar o aprendido unha e outra vez, ¿non é iso un pracer?

Confucio (551-479 a. de C.)

Di Zhuzi: Cando os sabios de antano ensinaban, o que querían era que as persoas entendesen o principio e a orde das cousas, que se cultivasen a si mesmos e que despois lles explicasen aos demais. Non que lesen moitos libros para escribir ensaios lindos e gañar sona, favores ou proveito interesado. Os homes de agora cando estudan fan ao revés, mais a maneira que ensinaron os sabios está conservada nos libros clásicos. Quen teime en saber terá que afondar seguido no que le, e preguntar e consultar moito. Se coñecermos eses principios, ¿que falta temos de que ningún veña limitarnos con regras e preceptos? Teriamos abondo con eses instrumentos, se os empregásemos como cómpre empregalos. Neste mundo de hoxe hai regras para os colexios, si, pero ese é un xeito livián de facer as cousas, e non é así como facían os sabios de antano. Non é iso o que facemos neste Colexio, senón que recollemos os grandes principios dos sabios para ensinar o saber. Eses son os que acheguei e agora estounos apegando aos linteis das portas, para que os respectedes, os comentedes e os tomedes como cousa propia. Coido que no que pensedes, no que argalledes, no que faledes e no que fagades habedes de ter seguramente razóns máis fortes ca estas para andar con tino, atención e medo das consecuencias. Se non as tedes, de nada vai valer canto vos diga, e teremos que impor regras e aplicalas con rixidez. ¡Pensade nisto, por favor, respectados estudantes!

(Das Instrucións para o Colexio da Cova do Corzo Branco)

Zhuzi (1130-1200)

Na antigüidade entrábase moi neno na escola do ensino menor, e alí aprendíanse os ritos, a música, a arte do arco, a arte dos carros de batalla, a caligrafía e as matemáticas, e tamén o tocante a piedade filial, respecto fraterno, lealdade e fidelidade. Aos dezaseis ou dezasete anos entraba o rapaz na escola do grande ensino, e alí educábano no saber do padrón, quere dicirse ensinábanlle a practicar a extensión do coñecemento e a saber encontrar o padrón nas cousas. E tamén a profundar co padrón o sentido da piedade filial, o respecto fraterno, a lealdade e a fidelidade.

Zhu Xi (1130-1200)

No ensino menor apréndese o que son as cousas e os asuntos. No grande ensino estúdase o padrón a que responden as cousas e os asuntos, o que fai que sexan o que son.

Zhu Xi (1130-1200)

Díxome Qi Yuan que o ensino menor é máis importante cá concentración interior do espírito. Eu coido que é ao revés, porque o ensino menor xa leva en si esa concentración. A concentración interior do espírito vén sendo estar disposto a facer o esforzo que haxa que facer en cada cousa e cada vez. Nin sequera cando un chega a sabio pode desbotar esa concentración.

Zhu Xi (1130-1200)

¿Terá importancia para poder aprender ben se un é forte ou fraco? Zhu Xi respondeu a esa pregunta e dixo: Apréndese ben se un afinca ben a vontade; a fortaleza ou a debilidade do sistema de enerxía corporal de cada un non ten nada que ver. Nisto de aprender non adianta angustiarse. Acougar é o que importa, e liberarse de angurias.

Zhu Xi (1130-1200)

Séntese dicir moito "ando tan ocupado que non teño tempo para estudar". Non me convence. Se estamos ocupados en condicións de riqueza e boa posición social, teremos que facer o esforzo que esas condicións demandan; se estamos en condicións de pobreza e pouco destaque social, teremos que facer o esforzo que esoutras condicións demandan. Como di na "Arte da Guerra": "Establece a túa estratexia consonte as circunstancias".[…]

Mentres o estudante teña un chisco de enerxía, ten que seguir estudando. Só terá que parar cando fique esgotado de todo e xa nin voz teña para falar. Como di o adaxio budista: "aínda que unha roda de ferro dea voltas sen parar na túa cabeza, non tes por que perder a concentración, a sabedoría e a brillantez máis clara".

Zhu Xi (1130-1200)

Debemos ler primeiro de todo a Analecta, o Libro de Mencio, O Grande Ensino e a Doutrina do Medio, para pescudar o pensamento dos sabios de outrora; despois hai que ler as historias para estudar como se mantiveron ou afundiron as dinastías, a orde e a confusión; e despois os escritos dos mestres das Cen Escolas, para ver en que errou cada un. Todo isto ten que ir na súa orde, non se pode andar saltando dunha cousa a outra.

Zhu Xi (1130-1200)

Hoxe en día os estudosos dedícanse con gusto ao que lles parece esencial, e deixan sen atender os coñecementos amplos e xerais. E verdadeiramente, eu non sei como se pode chegar ao esencial sen ter recollido antes un coñecemento amplo. Se a alguén tanto lle gusta o esencial, máis lle vale facerse monxe budista, que eses preocúpanse de entendérense a si mesmos e máis nada. Tamén hai, é certo, estudosos que só camiñan polo coñecemento xeral e nunca atenden ao esencial. Hoxe estudan unha institución e mañá outra. Traballan no que vai ter unha aplicación práctica e o resto non lles interesa. Estes preocúpanme máis ca os que só pensan no esencial. Pero no remate, nin aqueles nin estes adiantan moito.

Zhu Xi (1130-1200)

AS VIRTUDES

O camiño do Grande Ensino é este: dar máis brillo á virtude brillante, coidar do pobo e, chegados á máis alta excelencia, asentar nela.

Confucio (551-479 a. de C.)

Quen non teña cultivada a virtude da humanidade non pode nin querer nin odiar aos demais.

Confucio (551-479 a. de C.)

O conde Meng Wu preguntou se Zilu tiña a virtude da humanidade. O Mestre respondeu: non o sei. Preguntou outra vez, e o Mestre dixo: Nun reino de un milleiro de carros de guerra, Zilu podería ser director do recrutamento das levas dos feudos para o exército, pero se ten ou non ten a virtude da humanidade, iso non o sei. ¿E Ran Qiu? –preguntou Meng Wu–. E o Mestre respondeu: Nunha vila de cen familias ou nunha familia nobre de cen carros de guerra, Ran Qiu podería ser o xefe, pero se ten ou non a virtude da humanidade, iso non o sei. ¿E Gonxi Chi? –preguntou Meng Wu–. E o Mestre respondeu: Coa súa faixa de gala na corte imperial podería recibir moi ben aos embaixadores e falar con eles; pero se ten ou no a virtude da humanidade, iso non o sei.

Confucio (551-479 a. de C.)

"Zi Wen foi primeiro ministro por tres veces, e non se lle notou na cara; perdeu tres veces o poder, e tampouco se lle notou na cara. Explicoulle sempre ao que viña en vez del como fixera no goberno. ¿Que dis dun home así?" preguntou Zizhang. E o Mestre respondeu: "Que era leal". Si, dixo Zizhang, pero ¿tiña a virtude da humanidade perfecta? "Non o sei", dixo o Mestre, "¿como o vou saber?".

Confucio (551-479 a. de C.)

"Se, por un supor, houbese un home que lle dese ao pobo beneficios a eito e que fose quen de axudar a todos. ¿Que che parecería ese home? ¿Dirías que ten a virtude da humanidade?", preguntou Zigong. E o Mestre respondeu: "¿A que viría falar desa virtude? ¿Non deberiamos falar de santidade? ¿Non serían esas as calidades dun santo? Aínda Yao e Shun devecían por telas de todo. O home de perfecta humanidade cando quere acadar algo para el, acádao tamén para os demais; cando quere progresar, fai que os demais progresen canda el. Cando o que un ten en si pode servir de exemplo para comparar, entón está un indo cara á virtude da humanidade".

Confucio (551-479 a. de C.)

Os que saben gustan da auga; os que teñen a virtude da humanidade gustan das montañas. Os que saben están en movemento, os que teñen a virtude da humanidade están sosegados. Os que saben están contentos, os que teñen a virtude da humanidade viven moitos anos.

Confucio (551-479 a. de C.)

Domear a propia índole e volver aos ritos, iso é a virtude da humanidade. Se un puidese aseñorarse de si mesmo un día enteiro e axustarse aos ritos, o mundo enteiro recoñecería nel a virtude da humanidade. Aínda que practicar a virtude da humanidade depende dun mesmo e non dos demais.

Confucio (551-479 a. de C.)

Sima Niu preguntou pola virtude da humanidade. O Mestre respondeu: "O home de perfecta humanidade resístese a falar".

"¿Como pode ser que a virtude da humanidade consista en resistirse a falar?", replicou Sima Niu. E o Mestre díxolle: "Co difícil que é de facer, ¿como non vai un resistirse a falar?".

Confucio (551-479 a. de C.)

A rectitude é a vida da persoa; sen ela, sorte terá se non morre.

Confucio (551-479 a. de C.)

Houbo un que preguntou: ¿Que me dis de pagar ofensas con xentilezas?

O Mestre respondeulle: ¿E con que vas pagar entón as xentilezas? Paga a ofensa coa xustiza, e a xentileza coa xentileza.

Confucio (551-479 a. de C.)

"¿Non haberá unha palabra que poida servir de guía para rexer un por ela a súa vida enteira?", preguntou Zigong.

"Haina", respondeu Confucio, "Reciprocidade. O que no queres que che fagan a ti, non llo fagas a ninguén".

Confucio (551-479 a. de C.)

Afervoado, e así e todo inxusto; ignorante, e así e todo imprudente; simple e así e todo insinceiro... Haberaos, pero non quero saber deles.

Confucio (551-479 a. de C.)

Hai unha nobreza que é cousa do Ceo e unha nobreza que é cousa dos homes. A benevolencia, a rectitude, a lealdade e a ledicia polo que é bo, todo iso é nobreza do Ceo. Ser Duque, Primeiro Ministro, Ministro, todo iso é nobreza dos homes.

Os homes de outrora cultivaban a nobreza do Ceo, e a nobreza dos homes víñalles de seu. Os homes de agora cultivan o que fai a nobreza do Ceo para acadar a nobreza dos homes, e cando chegan a esta desfanse da outra. ¡Van ben descamiñados! No remate van perder a dos homes tamén.

Mencio (372?- 289? a. de C.)

Cando se perdeu o gran Dao

xurdiron a humanidade e a rectitude.

Cando viñeron á tona a intelixencia e o enxeño

xurdiron as grandes mentiras.

Cando se perdeu a harmonía das seis relacións

xurdiron a piedade filial e a bondade paterna.

Cando a escuridade e o caos se foron espallando polo reino todo

xurdiu a lealdade dos ministros.

Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

A PIEDADE FILIAL

¡Piedade filial e obediencia aos irmáns máis vellos! Velaí a raíz da boa conduta cos demais.

Confucio (551-479 a. de C.)

O conde Meng Wu Bo quería saber da piedade filial. O Mestre díxolle: Os pais sofren pensando que os fillos vaian adoecer.

Confucio(551-479 a. de C.)

Ziyou quería saber da piedade filial. O Mestre díxolle: Hoxe quere dicir coidar dos país. Pero iso tamén o fan os cans e os cabalos. Se non hai reverencia, ¿que máis ten isto que aquilo?

Confucio, (551-479 a. de C.)

Zixia quería saber da piedade filial. O Mestre díxolle: O que importa é con que cara se fai. Se cando hai angueiras os fillos cargan con elas; se cando os fillos teñen de comer e de beber llo ofrecen aos país, ¿será isto a piedade filial?

Confucio (551-479 a. de C.)

Díxolle o duque de She a Confucio "Na miña terra hai un home famoso pola súa rectitude. Unha vez que o pai roubou un carneiro, el foi denuncialo deseguida". Na miña terra non lles chamamos rectos aos que fan iso. O pai esconde ao fillo e o fillo esconde ao pai. Iso é rectitude.

Confucio (551-479 a. de C.)

Dixo Mestre You: Poucos serán os que, sendo bos fillos e bos irmáns, gusten de ofender aos seus superiores. Ninguén haberá que, non gustando de ofender aos seus superiores, guste de encirrar a desorde social. O home cultivado atende primeiro ao gromo, porque ben criado o gromo, o demais xorde de seu.

Confucio (551-479 a. de C.)

¿Que será o máis grande que se fai? O máis grande que se fai é o que se fai para os pais. ¿E cal será a encarga máis grande? A encarga máis grande é a de ocuparse dun mesmo. Teño sentido dicir que os que se coidan a si mesmos poden atender aos pais. Pero nunca sentín dicir que os que non se coidan a si mesmos podían atender aos pais. Hai moitas cousas que facer, pero a atención aos pais é a raíz de todas

elas; hai moitas encargas, pero a encarga dun mesmo é a raíz de todas as encargas.

Mencio (372? – 289? a. de C.)

Dang, o Ministro Principal de Shang, preguntoulle a Zhuang Zi o que pensaba da benevolencia. E Zhuang Zi respondeu: "Os tigres son benévolos". "¿E logo, como así?", preguntou Dang. "O pai tigre coida dos fillos", dixo Zhuang Zi, " ¿non é iso benevolencia?". "Si; pero do que eu quero saber é da benevolencia perfecta", seguiu Dang. "A benevolencia perfecta non ten nada que ver cos sentimentos e as afeccións", dixo Zhuang Zi. O Ministro non quedou moi conforme, e insistiu: "Eu xa sentín algúns que din que sen afección non hai amor, e sen amor non hai piedade filial. Polo que ti dis agora, a benevolencia perfecta non comprendería a piedade filial". "Non; non é iso. O que eu digo é que a benevolencia perfecta é cousa moito máis elevada. A piedade filial ou outras expresións dese xeito non abondan para describila. Non é que sobren, é que non chegan. Os que viaxan cara ao Sur, cando xa chegaron a Ying non poden ver máis o monte Ming. ¿Por que? Por que o deixaron atrás e xa están lonxe. Xa dicían os antergos: 'A piedade filial que vén do respecto é fácil; difícil é a que vén do amor'. Se a que vén do amor fose fácil, sería difícil esquecer os pais. E fácil esquecer aos pais, pero o difícil é que os pais me esquezan. É fácil conseguir que os pais me esquezan, pero é difícil conseguir que eu esqueza o mundo. É fácil que eu esqueza o mundo, pero é difícil que o mundo me esqueza a min.

Zhuang Zi (399-295 a. de C.)

A piedade filial, a reciprocidade, a benevolencia, a rectitude, a lealdade, todo iso pode convencer ou levar á virtude, pero non chegan a ela.

Zhuang Zi (399-295 a. de C.)

O MODELO DOS DEVANCEIROS

¡Como vou esmorecendo! Hai non sei canto tempo que non vexo en soños o Duque de Zhou.

Confucio (551-479 a. de C.)

Cando Shun gobernaba canto hai baixo do Ceo, escolleu de entre todos a Gao Yao, e os que non tiñan a virtude da humanidade fóronse a outra parte. Cando Tang gobernaba canto hai baixo do Ceo, escolleu de entre todos a Yi Yin, e os que non tiñan a virtude da humanidade fóronse a outra parte.

Confucio (551-479 a. de C.)

As xeracións dos antergos non seguían sempre a mesma doutrina, así que ¿cal é a antigüidade que temos que imitar? Os emperadores e os príncipes non se copiaban uns aos outros, así que ¿cales son os ritos que temos que imitar? Fu Xi e Shen Nong ensinaban, pero non castigaban; o Emperador Amarelo, Yao e Shun castigaban, pero sen alporizarse; o rei Wen e o rei Wu ditaron as leis que lles pareceron que acaían aos tempos, e dispuxeron os ritos consonte o que facía falta, e por iso as leis foron eficaces e as armaduras, os fornecementos e os aveños foron prácticos. Por iso digo eu que hai máis dun xeito de gobernar o mundo, e que non hai por que imitar a antigüidade á hora de gobernar o estado.

Shang Yang (?-338 a. de C.)

Había un paisano en Song que tiña na súa leira unha cachopa. Un día un coello que ía correndo pola leira bateu na cachopa, quebrou o pescozo e morreu. O paisano deixou o arado e pasou varios días pendente da cachopa para ver se pillaba outro coello. Pero non houbo máis, e foi a risa de toda a aldea. Os que pensan que poden gobernar hoxe coas regras dos reis de outrora son todos como aquel paisano de Song.

Han Fei Zi (? – 233 a. de C.)

AS MANEIRAS E AS CERIMONIAS

O Mestre dixo: A dinastía Zhou ollou as anteriores e aprendeu delas. ¡E que elegantes e requintados son os seus ritos! Eu guíome por Zhou.

Confucio (551-479 a. de C.)

Mestre You dixo: No uso das maneiras e as cerimonias, a harmonía natural é o que máis se ha estimar. Iso era o máis fermoso dos reis doutros tempos, e vale para o grande igual que para o pequeno. E non

obstante, ás veces non é dese xeito. Saber cal é a harmonía natural, pero non temperala coas maneiras e as cerimonias, simplemente non dá certo.

Confucio (551-479 a. de C.)

O Mestre, sempre que entraba no Gran Templo, preguntábao todo. Dixo un: "¿E logo non dicían que este fillo do xuíz de Zou non había cousa que non soubese nisto das maneiras? Agora resulta que cando vén ao Gran Templo non para de preguntar". E dixo o Mestre: "Precisamente, iso son maneiras".

Confucio (551-479 a. de C.)

Zîgong quería aforrar o sacrificio dunha ovella na cerimonia do comezo do mes. O Mestre dixo: "A ti dóeche que se perda a ovella, Zigong, a min dóeme que se perda a cerimonia".

Confucio (551-479 a. de C.)

Se un home non ten humanidade, ¿de que lle valen as maneiras? Se un home non ten humanidade, ¿de que lle vale a música?

Confucio (551-479 a. de C.)

Yan Pingzhou destacaba no trato cos demais: por moito tempo que levase tratándoos, era sempre educado con eles.

Confucio (551-479 a. de C.)

Yuan Rang seguiu sentado ás carranchapernas cando se lle acercou Confucio. O Mestre díxolle: "De neno non respectabas ao irmán máis vello, de home feito non fixeches cousa ningunha de proveito para ninguén, e de vello non acabas de morrer. ¡Estás feito unha boa peste". E bateulle nas canelas cun vimbio.

Confucio (551-479 a. de C.)

Autoridade sen tolerancia, cerimonias sen reverencia, funerais sen pena…¿por que teño eu que ver iso?

Confucio (551-479 a. de C.)

As maneiras e as cerimonias veñen do desgaste da rectitude

e son o principio do desorde.

Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

FALAR OU NON FALAR DE CERTAS COUSAS

Zigong dixo: Podemos saber como é a cultura e o cultivo do Mestre, pero nada sabemos do que pensa sobre a natureza humana e a conduta do Ceo.

Confucio (551-479 a. de C.)

Do que o Mestre falaba con moito comedimento era dos xaxúns, das guerras e das doenzas.

Analecta (vid. nota ao capítulo "O Mestre")

Falaba adoito o Mestre do Libro da Poesía, do Libro da Historia, e de gardar as maneiras. Deses asuntos falaba a miúdo,

Analecta (vid. nota ao capítulo "O Mestre")

Catro eran as materias que ensinaba o Mestre: as letras, a conduta, a firmeza de carácter e o creto.

Analecta (vid. nota ao capítulo "O Mestre")

O Mestre non falaba de milagres, nin de fazañas de forza, nin de situacións caóticas, nin de criaturas supernaturais.

Analecta (vid. nota ao capítulo "O Mestre")

Poucas veces falaba o Mestre dos proveitos, dos mandatos do Ceo e da virtude perfecta.

Analecta (vid. nota ao capítulo "O Mestre")

O HOME CULTIVADO

Os demais déixano a un lado, pero el non se aquela. ¿Non é ese un home cultivado?

Confucio (551-479 a. de C.)

Non me aflixe que os demais non me coñezan; aflíxeme, si, non coñecer eu aos demais.

Confucio (551-479 a. de C.)

O home cultivado, no comer non procura o engoxo, na morada non procura o aconchego, no que fai é expedito, no que fala discreto; olla para os que saben o Dao certo, e así endereita o seu camiño. Con certeza que a un home así pódeselle chamar amante do saber.

Confucio (551-479 a. de C.)

Aos quince anos, o meu ánimo estaba todo en aprender. Aos trinta, estaba ben fundamentado. Aos corenta, non me deixaba influír. Aos cincuenta sabía o que manda o Ceo. Aos sesenta, os meus ouvidos eran obedientes. Aos setenta podo deixarme levar polo que dita o meu interior, sen afastarme do correcto.

Confucio (551-479 a. de C.)

O home cultivado non é unha ferramenta.

Confucio (551-479 a. de C.)

Dicía o Mestre: "O home cultivado pensa no conxunto; o home rudo compara e toma partido".

Confucio (551-479 a. de C.)

O Mestre quería ir morar entre as nove tribos salvaxes do Leste.

Dixéronlle: Son terras de xente ruda. ¿Como se che ocorre ir alá?

O Mestre respondeu: Se vivise alí un home cultivado, ¿u-la a rudeza?

Confucio (551-479 a. de C.)

¿Quen dixo que Weisheng Gao era un home dereito? Foi un pedirlle vinagre, e Weisheng Gao foillo pedir a un veciño para darllo.

Confucio (551-479 a. de C.)

O home cultivado, nas cousas do mundo, non toma partido nin por un nin por outro; onde ve que hai razón, alí está el.

Confucio (551-479 a. de C.)

"Fáltame por ver un home circio" dixo o Mestre. "¿E logo Shen Cheng?" díxolle un. E o Mestre respondeu: "Shen Cheng depende dos seus desexos, ¿como vai ser circio?".

Confucio (551-479 a. de C.)

O home cultivado devece polo que ten en si; o home vulgar devece polo que teñen os outros.

Confucio (551-479 a. de C.)

O home cultivado ten que estar precavido contra tres cousas: de novo, cando aínda non acougaron o sangue nin o alento, ten que estar precavido contra as paixóns amorosas; de home feito, cando o sangue e o alento madureceron, ten que estar precavido contra as liortas; de vello, cando o sangue e o alento esmorecen, ten que estar precavido contra a cobiza.

Confucio (551-479 a. de C.)

"Pensarás de seguro que eu son un que estuda moitas cousas e por iso sabe moito", preguntoulle o Mestre a Zigong.

"¿E logo non?", dixo Zigong.

"Non; hai un fío que enfía todo iso".

Confucio (551-479 a. de C.)

Ji Wen pensábao tres veces antes de facer nada. Fóronllo contar ao Mestre, e o Mestre dixo "Con dúas chegaba ben".

Confucio (551-479 a. de C.)

Hai con quen se pode estudar, pero non seguir xuntos o bo camiño; hai con quen se pode seguir xuntos o bo camiño, pero non defender xuntos unha posición; hai con quen se pode defender xuntos unha posición, pero non se pode cavilar xuntos unha estratexia.

Confucio (551-479 a. de C.)

O Mestre*

Na aldea de onde era, Confucio mostrábase modesto e sinceiro. En palacio ou no templo dos devanceiros da dinastía falaba o que tivese que falar, mais sempre con moito coidado.

Analecta

Non falaba nin mentres comía nin cando estaba deitado.

Analecta

Se non estaba ben posta a mesa, non sentaba a comer.

Analecta

O camisón co que durmía tiña que ser vez e media máis longo que o seu corpo.

Analecta

Unha vez, cando el estaba visitando ao príncipe, arderon as cortes dos cabalos . Á volta preguntou se había homes feridos. Non preguntou polos cabalos.

Analecta

Cando estouraba a treboada ou viña unha ventada, mudaba de cariz.

Analecta

A VIDA E A MORTE

Saír é vida; entrar é morte.

Para a vida, de dez hai tres;

para a morte, de dez hai tres.

¿E os que para vivir entran na morte?

Deses tamén de dez hai tres.

¿E logo, como pode ser así?

Porque se apegañan de máis á vida.

Teño ouvido que quen sabe vivir

pode andar polo mundo

sen medo nin dos tigres nin dos rinocerontes

e pode ir á guerra e volver dela sen que as armas o firan.

Porque o rinoceronte non encontra

onde cravar o seu corno,

e o tigre non encontra

onde cravar as súas poutas,

e a espada non encontra

onde cortar co seu gume.

Porque para ese home

non existe o reino da morte.

Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

Xa que tes vida, o primeiro é non perder o corpo. O que pasa é que hai quen non perde o corpo e, aínda así, non segue existindo. Non se pode fuxir do nacemento nin se pode fuxir da morte. ¡Triste cousa! ¡E ver como a xente neste mundo pensa que abonda con coidar do corpo para seguir existindo! E se coidar do corpo non abonda para seguir existindo, ¿por que o coidamos decote? Non servirá para nada, pero non hai maneira de deixalo, non é posíbel.

Se alguén quere parar de ocuparse tanto do corpo, máis vale que deixe este mundo e se libere de compromisos. Así poderá vivir dereito e en paz. E se vive dereito e en paz, poderá volver nacer. Preguntaredes por que vale tanto a pena deixar as coitas da existencia e os fins da vida. Porque se deixades as coitas da existencia non fatigaredes o corpo, e se deixades de procurar a vida, non estragaredes enerxía. Co corpo e a enerxía ben conxuntados, velaí o Ceo.

Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

Alguén preguntou: ¿E poderá ser que as criaturas espirituais e inmortais non morran?

Baopu Zi dixo: Mesmo que tivésemos o máis grande poder de visión, non poderiamos ver todo o que ten forma corpórea. Mesmo que estivésemos dotados dun sentido do ouvido do máis agudo, non poderiamos ouvir todos os sons que existen. E mesmo que tivésemos todo o saber dos máis sabios, non sería tanto o que sabemos como o que non sabemos. Hai centos e miles de seres que florecen no mundo. ¿Que é o que podería non existir? ¿E por que non han de existir os inmortais, dos que tanto se di e conta nos rexistros da historia? ¿Por que non vai haber un camiño que leve á inmortalidade?

O que preguntaba, cando escoitou esta resposta, riu moito e dixo: Todo o que ten un comezo ten unha fin, e todo o que vive ten que morrer algunha vez. Eu o que teño sentido é que algunhas plantas secan e morren cando a xeada, fican murchas no verán, abrochan mais non florecen, ou murchan e quedan sen follas antes de botar o froito. O que nunca sentín é que houbese alguén que teña vivido dez mil anos e que exista para sempre sen chegar á fin. Por iso, os antigos non aspiraban a ser inmortais cos coñecementos que adquirían e non falaban de cousas raras. Deixábanse de doutrinas perversas e crían no natural. Non pensaban na tartaruga e no grou máis que como criaturas doutras especies e para eles a vida e a morte eran como a mañá e a tarde.

Baopu Zi respondeu: A vida e a morte, o comezo e a fin son sen dúbida as grandes leis do universo. Aínda así, as semellanzas e as diferenzas de todo o que hai no mundo non son uniformes. Algunhas cousas son desta maneira e algunhas destoutra. Mil e unha especies están cambiando e transformándose seguido, e sen estaren conforme cun patrón definitivo. Tanto que as cousas sexan deste xeito ou destoutro, e tanto que sexan regulares ou irregulares nos aspectos esenciais e secundarios, non se poden reducir á uniformidade. Moitos din que todo o que comeza ten que chegar á fin, mais non está de acordo co principio da existencia mesturar unhas cousas con outras e querer que todo sexa igual. Din que todo medra no verán, si, mais a castaña de auga murcha. Din que as plantas murchan no inverno; si, mais o bambú e o alcipreste medran. Din que todo o que empeza acaba; si, mais o ceo e a terra son inacabábeis. Din que todo o que nace morre; si, mais a tartaruga e o grou viven para sempre. Cando o yang está no punto máis alto ten que ir calor; si, mais no verán hai tamén días que non son quentes. Cando o yin está no punto máis alto ten que ir frío; si, mais aínda nun inverno moi frío non deixa de haber días mornos.

De entre as criaturas todas, ningunha ten máis intelixencia que o ser humano. Tendo unha natureza tan superior, todos os seres humanos debían ser iguais e tería que haber uniformidade en todo o deles. E mais son diferentes: uns teñen calidades eficaces e outros non valen para nada, uns son perversos e outros son rectos, uns son bonitos e outros son feos, uns son altos e outros baixos, uns son puros e outros impuros, uns son castos e outros godalleiros, uns teñen paciencia e outros son impacientes, uns son lentos e outros rápidos. O que procuran ou evitan e o que os seus ollos e orellas apetecen son tan diferentes como o ceo e a terra e tan incompatíbeis como o xeo e o carbón. ¿Por que se ha estrañar de que os inmortais sexan diferentes e de que non morran como a demais xente? O que sucede é que os que teñen coñecementos superficiais déixanse levar polo que é corrente e apéganse ao que é común: din que os inmortais non se

ven no mundo e que polo tanto non son inmortais.

Entre os homes hainos que son sabios e hainos que son como carneiros, e non obstante todos saben que nos seus corpos teñen un compoñente celestial e un compoñente terreño. Se eses compoñentes se perden en parte, o home adoece e, como se perdan de todo, o home morre. Se quedan separados parcialmente do corpo, quen sabe de ciencias ocultas ten maneiras de conservalos e gardalos. Se están separados de todo, hai principios nos ritos estabelecidos que valen para chamalos de volta. Esas entidades témolas ben cerca de nós e aínda así, mesmo nacendo con elas e vivindo toda a vida con elas, nin as vemos nin as ouvimos. ¿Habemos dicir que non existen porque nunca as vimos nin as ouvimos?

Baopu Zi (253-333 d. de C.)

Alguén dixo: Se fose verdade que se pode chegar a ser inmortal, os sabios teríano feito. Emporiso, nin o Duque de Zhou nin Confucio o fixeron. Está claro que non hai tal posibilidade.

Baopu Zi respondeu: Non hai motivo para que un sabio teña que ser inmortal nin para que un inmortal teña que ser sabio. O sabio recibe un mandato do ceo que non é para buscar o camiño que leva á vida para sempre, senón para facer que non haxa tiranos nin ladróns, para virar o perigo en seguridade e a violencia en paz, para instituír cerimonias e crear sistemas musicais, para propagar leis e para dar educación, para corrixir as maneiras incorrectas e reformar os costumes dexenerados, para prestar axuda aos gobernantes que están próximos ao derrocamento e para apoiar os estados que están a pique do colapso. O que a xente corrente chama sabios son os sabios que regulan o mundo e non os sabios que acadan o Dao. O Emperador Amarelo e Lao Zi foron sabios que acadaron o Dao, e o Duque de Zhou e Confucio foron sabios que regularon o mundo.

Baopu Zi (253-333 d. de C.)

POLÍTICA E GOBERNO

Gobernar un reino grande é como cociñar un peixe pequeno.

Cando se goberna de acordo co Dao

os espíritos non teñen forza.

Non é, non, que non teñan forza;

forza teñen, pero non poden facer dano á xente.

E o sabio, o propio sabio, tampouco fai dano á xente.

Cando ningún deles fai dano,

a virtude volve para todos.

Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

Un reino grande é como a foz dun río,

o xuntoiro de todos os regachos do mundo.

É o Feminino do mundo.

O Feminino vence ao Masculino coa quietude,

coa quietude ponse no baixo.

O reino grande, póndose no baixo, gaña.

O reino pequeno, póndose no baixo, gaña.

E así un gaña póndose no baixo

e o outro gaña quedando no baixo.

O que o grande quere é abrazar ao pequeno,

o que o pequeno quere é deixarse abrazar.

Pero o grande ten que se por no baixo.

Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

¡Quen dera un país pequeno e con pouquiña xente!
Con moitos aparellos, pero sen ter que usalos.
Levan en serio a morte, e non queren ir lonxe.
Teñen naves e carros, pero non os empregan,
armaduras e armas, pero a ninguén atacan.
En vez de caracteres, usan nós en cordames.
Contentos co que comen, felices co que visten,
ditosos coas súas casas e o xeito en que viven.
Aínda que están a rentes dun país diferente,
e dun país ao outro senten
como ouvean os cans e os galos cacarexan,
viven e morren sen teren tido tratos
cos do país veciño.
Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

Cando reina o máis grande, ninguén sabe quen reina.
Séguelle, para abaixo, aquel que todos queren, todos gaban.
Vén despois aquel de quen teñen medo.
E despois aquel que desprezan e do que non se fían.
Se non tes fe nos outros,
de seguro que os outros non van ter fe en ti.
Se o que se di non vale, ninguén ten fe.
Cando a obra dá acabado e todo está ben feito,
o pobo ha dicir "Fomos nós quen o fixo".
Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

Gobérnase coa arte política
e para a guerra hai que ter estratexia.
Para gañar o mundo, en cambio, hai que estar quedo.
¿Como é que sei isto? Ollando no meu ser.
Canto máis se prohibe e máis se manda,
máis empobrece o pobo;
cantas máis ocasións de proveito ten a xente,
maior é a confusión nos lares e no estado;
canto máis se cultivan astucias e solermas,
máis cousas raras acontecen no país;
canto máis feitas as leis e os decretos,
máis ladróns e raspiñeiros haberá.
E o sabio di: Non fago nada e o pobo transfórmase de seu;
amo a quietude, e o pobo enderéitase de seu;

os negocios sonme alleos, e o pobo enriquécese;

non teño desexos, e o pobo volve á simplicidade.

Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

Qian Wu foi visitar ao excéntrico Jie Yu, quen lle preguntou, "¿que che dixo Zhong Shi as últimas veces que o viches?"

Qian Wu respondeu: "Díxome que o home da nobreza que ten autoridade sobre o pobo deberá dar exemplo persoal con regulamentacións, leis e prácticas debidas. Así ninguén o desobedecerá e todos quedarán transformados grazas a iso". O excéntrico Jie Yu dixo: "Iso acaba coa Virtude. Se alguén trata de gobernar todo o que está baixo o Ceo desa maneira, vén sendo como querer camiñar polos mares ou facer un túnel a través do río ou facer que un mosquito carrete unha montaña. Cando o que manda é un gran sabio, non tenta controlar todos os asuntos externos. Primeiro deixa que as persoas fagan o que ven natural e logo fai que todas as cousas sigan o camiño por onde a súa natureza as leva. O paxaro voa alto polo ceo e así escapa do perigo de que o maten con frechas. O rato busca abrigo debaixo do outeiro dos espíritos e así escapa de que o molesten. ¿Non terás ti polo menos tanto entendemento como esas dúas criaturas?

Zhuang Zi (399-295 a. de C.)

Men Wu Gui e Zhi Man Ji estaban observando o exército do Rei Wu. "Non ten a estatura do nobre soberano Yu e por iso ten este problema", dixo Zhi Man Ji.

Men Wu Gui dixo: "¿Estaba o mundo de verdade ben gobernado co nobre soberano Yu? ¿Ou será que estaba xa desnortado daquela e chegou Yu e gobernouno?

Todos queren que o mundo estea ben gobernado", dixo Zhi Man Ji. "Se xa estaba ben gobernado, ¿ti pensas que alguén tería comentado sobre o bo goberno de Yu? El trouxo curas para as feridas, perrucas para os calvos, menciñas para os doentes. Foi como un fillo obediente que lle trae menciñas ao pai, pero tráellas encabuxado. A calquera sabio isto daríalle vergoña. En tempos de Virtude perfecta, non se valora o sabio e os que fan ben as cousas están desempregados. Os gobernantes son como as pólas máis altas dunha árbore e o pobo como os cervos, que fan o que está ben facer pero non entenden a rectitude. Quérense ben uns a outros pero non entenden a benevolencia. Son persoas serias, pero non entenden a lealdade. Pódeste fiar deles, pero non entenden a boa fe. Interésanse uns en outros e téñense cariño, pero non entenden a bondade. Dese xeito móvense sen deixar pegada ningunha, actúan sen que se note efecto ningún."

Zhuang Zi (399-295 a. de C.)

Os antergos, cando quixeron dar máis brillo á virtude brillante nos homes da terra toda, comezaron por gobernar ben os seus reinos. Para gobernar ben os seus reinos, comezaron por rexer ben as súas familias. Para rexer ben as súas familias comezaron por cultivarse a si propios. Para cultivarse a si propios, comezaron por endereitar o seu interior. Endereitado o seu interior, cultiváronse ben a si propios. Ben cultivados eles propios, rexeron ben as súas familias. Ben rexidas as súas familias, gobernaron ben os seu reino. E ben gobernados os seus reinos, a terra toda viviu en paz.

Confucio (551-479 a. de C.)

Quen goberna coa virtude é como a estrela polar, que está sempre no seu sitio e todas as demais ándanlle ao redor.

Confucio (551-479 a. de C.)

Se os dirixes por decretos, se os achairas con castigos, farán por fuxir deles, mais non terán vergoña do que fan. Se os dirixes pola virtude, se os achairas polos ritos, terán vergoña e endereitaranse.

Confucio (551-479 a. de C.)

Zigong preguntou sobre o que fai falta para gobernar. O Mestre respondeu: "Comida abondo, soldados abondo, confianza abondo".

Zigong seguiu: "E se non se puidesen ter as tres cousas, ¿cal sería a primeira que habería que deixar ir?" "Os soldados", respondeu o Mestre.

E Zigong seguiu: "E se non se puidesen ter as dúas que quedan, ¿cal sería a primeira que habería que deixar ir?" "A comida. Todos temos que morrer, así foi sempre; pero sen confianza no gobernante non hai firmeza no goberno".

Confucio (551-479 a. de C.)

Se o Emperador non cumpre, haberá que ir procurar a sabedoría entre os bárbaros dos catro puntos cardinais.

Zuo zhuan (Colección de arredor de 320 a. de C.)

Ao pobo pódese obrigar a que obedeza, pero non a que entenda.

Confucio (551-479 a. de C.)

Cando un país está ben gobernado, é unha vergoña ser pobre e humilde; cando un país non está ben gobernado, é unha vergoña ser rico e nobre.

Confucio (551-479 a. de C.)

O que se chama un verdadeiro ministro é o que serve ao seu soberano cando se respectan os principios, e cando non pode ser así, dimite.

Confucio (551-479 a. de C.)

Os discípulos Zi Lu, Zeng Xi, Ran You e Gongxi Hua estaban unha vez sentados fronte a Confucio ouvindo con atención e respecto. Confucio díxolles: "Xa sei que son un pouco máis vello ca vós, pero non importa. Dicides arreo que os príncipes non saben de vós, pero se un día vos chamasen, ¿que fariades?".

Zi Lu, sen pararse moito a pensar, respondeu: "Nun reino non dos maiores, dun milleiro de carros de guerra, arrodeado doutros máis fortes que o premen, e para máis esfameado por térense perdido as colleitas, no cabo de tres anos eu teríalle dado ánimo ao pobo, faríalles ver cal era o camiño certo."

O Mestre sorriu. "E ti, You, ¿que farías?".

Ran You respondeu: "Nun reino de sesenta ou setenta lis cadrados, ou de cincuenta ou sesenta, se eu o gobernase, ao cabo de tres anos, o pobo estaría ben abastado. Tocante aos ritos e á música, tería que esperar por un verdadeiro home cultivado".

"E ti, Hua, ¿que farías?", preguntou o Mestre.

Gongxi Hua respondeu: "Non vou dicir que eu podería facer iso, pero ben querería aprender. Nas cerimonias do templo dos devanceiros imperiais, nas audiencias do príncipe e nas reunións da corte eu iría vestido coa toga e o barrete de rigor e sería un dos acólitos".

"E ti, Xi, ¿que farías?".

Zeng Xi , que estaba tocando a cítola, deixouna a un lado, cun último acorde, e dixo: "Penso que vai ser diferente do que expuxeron os meus respectados colegas". "Nada de mao ten iso. Cada un manifesta as súas aspiracións", dixo o Mestre. "Neste último mes da primavera, vestido como corresponde ao tempo, acompañado de seis rapaces que teñan recibido o barrete de adultos e de seis ou sete que aínda non, fariamos no río Yi as ablucións rituais, coa airexa que sopra entre os altares de rogativa da chuvia, e volveriamos cantando".

"Estou con Zeng Xi niso", dixo o Mestre, e suspirou.

Fóronse os outros tres, e Zeng Xi quedou só co Mestre. "¿Que pensa o Mestre do que dixeron os tres?", preguntou Zeng Xi. "Cada un manifestou as súas aspiracións", respondeu Confucio.

Zen Xi seguiu: " E logo, ¿por que sorriches cando falou Zi Lu?

"Porque para gobernar un reino hai que respectar as boas maneiras, e ás palabras de Zi faltáballes modestia. Por iso sorrín".

E volveu Zhen Xi ás preguntas: "Si; mais ¿non era un reino tamén o que quería Ran You?". E o Mestre respondeu: "Con certeza. ¿Onde viches un dominio de sesenta ou setenta lis cadrados, ou de cincuenta ou sesenta, que non fose un reino?

"¿E non era tamén un reino o que quería Gongxi Hua?", seguiu Zeng Xi. E o Mestre contestoulle: "Si. ¿Quen máis que os reis se ocupan dos templos dos devanceiros imperias e teñen audiencias co Emperador? Si Hua non ía ser máis que un dos acólitos menores nesas cerimonias, ¿quen habían ser os maiores?".

Confucio (551-479 a. de C.)

Ji Kang preguntoulle a Confucio: "¿E se o gobernante, para favorecer aos que seguen o bo camiño, matase aos que non van por el?". O Mestre respondeu: "Se gobernas, ¿que é iso de matar? Sé ti bo, e o pobo será

bo. A virtude do home cultivado é como o vento, e a do home sen cultivo como a herba; cando o vento pasa abándase a herba".

Confucio (551-479 a. de C.)

"O Príncipe de Wei espérate para que gobernes", díxolle Zilu a Confucio, ¿Que che parece o primeiro que habería que facer?".

Respondeu Confucio: "O que hai que facer é endereitar os nomes".

[Zilu achou algo extravagante a resposta, e o Mestre explicouse:]

"Se os nomes non baten certo, o que se di non concorda coa realidade; se o que se di non concorda coa realidade, non se pode facer o que hai que facer; cando non se pode facer o que hai que facer, non prosperan nin a música nin as maneiras; cando non prosperan nin a música nin as maneiras, os castigos non son axeitados; cando os castigos non son axeitados, a xente non sabe qué facer. O home cultivado ten que falar o certo e o que fala ten que poderse facer. O que lle acae ao home cultivado é non ser desleixado no que fala".

Confucio (551-479 a. de C.)

Cando sinto falas enganosas, sei que é o que encobren. Cando sinto falas godalleiras, sei onde afondaron. Cando sinto falas maliciosas, sei onde descarreiraron. Cando sinto falas evasivas, sei o que está baleiro. Esas falas prexudican ao goberno e cando se espallan no goberno prexudican a todos. Algún día virá un sabio que confirmará isto que eu digo.

Mencio (372?- 289? a. de C.)

Cando a multitude odia a alguén, é cousa de estudar o que pasa; cando a multitude adora a alguén, tamén é cousa de estudar o que pasa.

Confucio (551-479 a. de C.)

O rei Hui, do Estado de Liang, recibiu a Mencio e díxolle: "Non vos pareceron lonxe mil lis de distancia para vir verme, á vosa venerábel idade, ¿será que traedes bos consellos para proveito deste meu reino?". "¿A que vén falar de proveito, Maxestade?", respondeu Mencio. "Os consellos que eu levo comigo son de humanidade e rectitude, e máis nada. Se a Vosa Maxestade se pregunta qué ha de facer para o proveito do seu reino, os grandes señores preguntaranse qué han de facer para o proveito das súas familias, e os fidalgos de máis abaixo e a xente do común preguntaranse qué han de facer para o proveito de cadaquén deles. Os de arriba e os de abaixo pelexarán uns cos outros para repañar o proveito alleo, e o reino estará en perigo. Nun reino de mil carros, o asasino do rei será o xefe dun clan de cen carros. Ter mil de dez mil, ou cen de mil, non é gran cousa, pero se a rectitude vai ao rabo e o proveito á cabeza, ninguén vai ter abondo se non o repaña todo".

Mencio (372-289? a. de C.)

[Díxolle Mencio a Xiang, rei de Liang:] ¿E saberá a Vosa Maxestade cal é o xeito de cultivar o millo? No sétimo mes e no oitavo, cando vén a seca, murchan as plantas. Despois vanse amoreando as nubes no Ceo e de aí a pouco mandan a chuvia que cae a chuzos. E o millo érguese ben ergueito. E ninguén é quen de paralo. Olla agora para os que coidan dos homes na terra: non hai un que non lle guste matar. Se houbese un que non tivese ese gusto por matar, o pobo enteiro e cantos nel hai estiraría o pescozo a ollar para el. Si; se así fose, o pobo correría canda el, como a auga corre en torronteira, ¿e quen o había conter?

Mencio (372?-289? a. de C.)

[Díxolle Mencio a Xuan, rei de Qi:] "¿Que se poder facer se non hai bo goberno entre as catro fronteiras?". O rei ollou para a dereita, ollou para a esquerda, e púxose a falar doutra cosa.

Mencio (372?-289? a. de C.)

Preguntou Wan Zhang: "¿É certo que Yao lle cedeu o imperio a Shun?". E Mencio respondeu: "Non; o Emperador non pode dar o imperio a ninguén". "Pero o caso é que Shun tiña o imperio. ¿Quen llo deu, logo?", replicou Wan Zhang. "Deullo o Ceo", dixo Mencio. "Así que llo deu o Ceo. E logo, ¿o Ceo foille dicindo varias veces que lle encomendaba o imperio; ou como foi?", seguiu Wan Zhang. "Non", dixo Mencio, "O Ceo non fala. Indica o que quere co trato da persoa e o xeito que ten de lidar cos problemas". "¿E como fai iso?" preguntou Wan Zhang. E Mencio explicou: "O emperador pode presentarlle alguén ao Ceo, pero non pode facer que o Ceo lle dea o imperio a ese que lle presenta. Un príncipe tamén pode presentarlle alguén ao Emperador, pero non pode facer que o soberano lle dea un principado a ese que lle presenta. Un gran feudatario pódelle presentar alguén ao príncipe, pero non pode facer que lle dea o feudo a ese que lle presenta. Yao presentoulle Shun ao Ceo, e o Ceo aceptouno. Presentoullo ao pobo, e o pobo aceptouno. Por iso eu digo que o Ceo non fala. Indica o que quere co trato da persoa e o xeito que ten de lidar cos

problemas".

Seguiu perguntando Wan Zhang: "¿E poderíasme dicir como foi que Yao lle presentou Shun ao Ceo e o Ceo o aceptou, e como llo presentou ao pobo e o pobo o aceptou?". Respondeu Mencio: "Encargoulle que oficiase os sacrificios, e todos os espíritos quedaron satisfeitos, así que o Ceo aceptouno. Encargoulle que tratase dos asuntos de Estado, e administrounos ben, e o pobo sentiuse protexido, así que o pobo aceptouno. O Ceo deulle o imperio. O pobo deulle o imperio. Por iso eu digo que o Emperador non lle pode dar o imperio a ninguén".

"Shun pasou vinte e oito anos axudando a Yao; iso é moito esperar dun home e foi cousa do Ceo. Cando morreu Yao e pasaron os tres anos de loito Shun deixou ao fillo de Yao e retirouse ao outro lado do Río do Sul. E os príncipes do imperio, ao volveren a palacio, non seguiron ao fillo de Yao, correron cando a Shun. Os preiteantes non foron ao fillo de Yao, foron á procura de Shun. E os cantores non lle cantaron ao fillo de Yao, cantáronlle a Shun. Por iso eu digo que foi o Ceo. Despois de pasar todo iso, volveu Shun ao Reino do Centro e ocupou o trono do Fillo do Ceo. Se ocupase o palacio de Yao antes e teimase co fillo de Yao, sería unha usurpación, e non un don do Ceo. Por iso lese no Gran Modelo que «o Ceo ve como ve o meu pobo; o Ceo oe como oe o meu pobo»".

Mencio (372-289? a. de C.)

Dixo Mo Zi: É cousa do home que ten a virtude da humanidade traballar o máis posíbel por favorecer o que é beneficioso para o mundo e eliminar o que é danoso. Ora, nestes momentos, ¿que é o que máis dano fai ao mundo? Os grandes Estados que atacan aos pequenos, as familias poderosas que expulsan ás que non teñen defensa, os fortes que oprimen aos débiles, os moitos que acosan aos poucos, os espelidos que enganan aos parvos, os eminentes que mandan nos humildes, todos eses fan dano ao mundo. E tamén o fan os dirixentes que non son xenerosos, os ministros que non son leais, os pais que non son afábeis e os fillos que non son filiais, e todos eses homes ruíns que andan querendo danarse e estragarse uns a outros con armas, coitelos, velenos, lume e auga.

Cando pescudamos na causa de todos eses danos, ¿de onde resulta que veñen? ¿Veñen de querer ben aos demais e de facer por beneficialos? ¡Que van vir! Veñen de sentir odio polos demais e de querer facerlles mal. E cando tentamos clasificar e describir a eses homes que senten odio e queren facer mal aos demais, ¿diremos que as súas accións veñen motivadas polo sentido da universalidade ou polo da parcialidade? Ten que ser á forza pola parcialidade, e esta parcialidade en todo o que fan entre eles causa os danos máis grandes no mundo. Sabemos, polo tanto, que a parcialidade non é cousa que estea ben.

Mo Zi dixo: quen critica o que fan outros ten que ter algunha outra opción que ofrecer. Criticar e non ofrecer ningunha outra alternativa vén sendo como querer parar unha inundación con outra inundación ou un incendio con outro incendio. De seguro que non vai ter efecto. A parcialidade ten que ser substituída coa universalidade.

Ora, ¿como pode substituírse a parcialidade coa universalidade? Se os homes apreciasen os Estados dos demais como aprecian os deles, ¿quen incitaría ao seu para atacar o de outro? Iso sería como atacar o de un. Se os homes apreciasen as cidades de outros como aprecian as deles, ¿quen levantaría a súa cidade para atacar a de outros? Iso sería como atacar a de un. Se os homes apreciasen as familias dos outros como aprecian as propias, ¿quen incitaría a súa familia a expulsar a de outro? Sería como expulsar a de un. Ora, cando os estados e as cidades non atacan a outros e non fan a guerra entre eles e as familias, e as persoas non se expulsan uns a outros nin se fan mal, ¿é isto un dano ou un beneficio para o mundo? É un beneficio, sen dúbida.

Cando pescudamos na causa deses beneficios, ¿de onde encontramos que veñen? ¿Veñen de sentir odio por outros e de querer facerlles mal? ¡De seguro que non! Veñen máis ben de querer ben aos demais e de tratar de beneficialos. E cando queremos clasificar e describir a eses homes que queren ben e benefician aos demais, ¿diremos que as súas accións están motivadas pola parcialidade ou pola universalidade? De seguro que imos responder que pola universalidade, e esta universalidade no seu trato cos demais é mesmamente o que causa todos os grandes beneficios que pode haber no mundo. Velaí por que dicía Mo Zi que a universalidade é cousa boa.

Mo Zi (470-391 a. de C.)

Non se entende que os homes do mundo critiquen aínda esta doutrina dicindo "pode que sexa boa cousa, pero ¿como se pode usar na práctica?".

Mo Zi dixo: Se non se pode usar na práctica, eu sería o primeiro en criticala. Pero, ¿como vai haber una cousa boa que non se poida usar na práctica? Imos ver se entendemos os dous lados da cuestión. Supoñamos que hai dous homes, un deles que acredita na parcialidade e o outro que acredita na universalidade. O crente na parcialidade di: "¿como vou apreciar ao meu amigo igual que se fose eu mesmo, ou ao pai do meu amigo como se fose o meu pai?" E como ve ao seu amigo deste xeito, non lle

dará de comer cando estea famento, non o vestirá cando teña frío, non o coidará cando se poña enfermo e non o enterrará cando morra. Velaí como fala o home parcial e velaí como actúa. Pero nin as palabras nin as accións do home con sentido da universalidade son así. Este home dirá: "Teño ouvido que o verdadeiro home superior aprecia ao seu amigo igual que se fose el propio, e ao pai do seu amigo como se fose seu pai. E só se fai iso poderá ser considerado un auténtico home superior". E como pensa no seu amigo desa maneira, daralle de comer cando teña fame, abrigarao cando teña frío, coidará del cando se poña enfermo e hao enterrar cando morra. Velaí como fala e como actúa o home de mente universal.

O que din eses dous homes é diferente e o que fan é totalmente o contrario un do outro. Supoñamos que cada un deles está empeñado en facer o que di, de tal maneira que non hai diferenza ningunha entre o que din e o que fan. Supoñamos agora que estamos nunha campía e que un home se está preparando para ir á guerra, e non sabe o que vai pasar, nin se vai morrer nesa misión e non vai volver máis á casa. Pensemos a quen encargaría que mirase polos seus pais e a súa muller e os seus fillos. ¿Máis querería para iso o home de mente universal ou o home que practica a parcialidade? Paréceme que, en ocasións como esa, non hai moitos no mundo que fagan disparates. Aínda que un desaprobe a idea da universalidade, seguro que vai pensar que mellor será confiarlle a familia ao home que cre na universalidade. E así acontece que a xente condena a universalidade de palabra pero adóptaa na práctica, e as palabras e as accións non coinciden.

Mo Zi (470-391 a. de C.)

Cando é un sabio quen goberna un reino, aumentan con outro tanto os beneficios para ese reino, e cando o sabio goberna o mundo, aumentan con outro tanto os beneficios para o mundo. Que se tornen maiores os beneficios dese xeito non é cousa que se vaia conseguir adquirindo máis territorio, senón eliminando gastos que non fan falta dentro do propio estado. Desa maneira é como os beneficios se tornan moito maiores. Cando o sabio goberna, nunca fai nada que non sexa útil dalgunha maneira, nas cousas que ordena, nas empresas que comeza, na maneira en que emprega as persoas ou na maneira en que gasta o capital e as riquezas que ten. Non se perde a riqueza, non se abusa das forzas da xente, e aínda así son moitos os beneficios que se conseguen.

¿Que obxecto ten facer prendas de vestir? Abrigarse do frío no inverno e da calor no verán. Polo tanto, a maneira de facer as prendas de vestir é deseñar algo que arrequente no inverno e arrefríe no verán. O que non vale máis que de adorno e non contribúe a eses fins deberase evitar.

¿Que obxecto ten construír casas? Manter fóra o vento e o frío no inverno e a calor e a chuvia no verán, e protexer contra os ladróns. O que non vale máis que de adorno e non contribúe a eses fins deberase evitar.

¿Que obxecto teñen as armaduras, os escudos e as armas todas? Protexer contra os rebeldes e os bandoleiros. Cando hai que facerlles fronte aos rebeldes e aos bandoleiros, se un ten armadura, escudo e armas, poderá vencelos, e se non, non hai maneira de se defender. Por iso os sabios fixeron armaduras, escudos e armas, e faise todo o posíbel para construír todo iso lixeiro, agudo, duradoiro e difícil de quebrar. O que non vale máis que de adorno e non contribúe a eses fins deberase evitar.

¿Que obxecto ten facer embarcacións e carros? Os carros son para proporcionar unha maneira de andar por terra e as embarcacións para proporcionar unha maneira de viaxar por río e que todos os lugares poidan disfrutar os beneficios de se comunicaren uns cos outros. Cando se fan embarcacións e carros, búscase lixeireza e conveniencia. O que non vale máis que de adorno e non contribúe a eses fins deberase evitar.

Cando se constrúen esas cinco cousas, nada se fai que non contribúa á súa utilidade. Non se perde riqueza, non se abusa das forzas da xente e aínda así recóllense moitos beneficios.

Se convencésemos aos que mandan para que desbotasen esa paixón que teñen por recadar para eles xoias, paxaros, feras, cans e cabalos e, en vez diso, facer máis prendas de vestir, casas, armas, embarcacións e carros, dobrábase axiña a cantidade de todo o que serve para algo.

Mo Zi (470-391 a. de C.)

¿Que será o que o Ceo quere e o que non quere? O Ceo quere rectitude e non quere trapalladas. Polo tanto, se eu levo a xente do mundo a consagrarse á rectitude, estarei facendo o que o Ceo quere. Se fago o que o Ceo quere, entón o Ceo fará o que eu quero. Ora, ¿que é o que eu quero e que é o que non quero? Eu quero boa fortuna e prosperidade e non quero contratempos e calamidades. Se non fago o que o Ceo quere e en vez diso fago o que o Ceo non quere, estarei levando a xente do mundo a dedicarse ao que trae contratempos e calamidades.

¿Como sei eu que o Ceo quere rectitude e non quere inxustiza? Neste mundo, onde hai rectitude hai vida; onde non hai rectitude hai morte. Onde hai rectitude hai riqueza; onde non hai rectitude hai pobreza. Onde hai rectitude hai orde; onde non hai rectitude hai desorde. Ora, o Ceo quere vida e non quere morte, quere riqueza e non quere pobreza, quere orde e non quere desorde. De maneira que eu sei que o Ceo quere rectitude e non quere a falta dela.

Mo Zi (470-391 a. de C.)

Na antigüidade, o pobo de cabelos negros era estúpido e ignorante; unha sona baleira era abondo para suxeitalos. O pobo de hoxe, en troques, é intelixente e espelido, e sabe erguer a cabeza e desobedecer a quen manda. Así que o gobernante ten que aguilloalos con recompensas, para que vaian adiante, e amedrentalos con castigos, para que non ousen recuar.

Han Fei Zi (? – 233 a. de C.)

Será verdade que os homes máis excelsos non poden ser aguilloados con recompensas, nin os homes máis cativos ser amedrentados con castigos. Pero se, por iso, non imos pór recompensas e castigos para todos os demais, quedarémonos sen medios de rexer o estado e empregar o pobo como é debido.

Han Fei Zi (? – 233 a. de C.)

O tigre e o leopardo esganifan aos homes e cazan os demais animais por teren poutas e cairos. Se, por un supor, os tigres e os leopardos non tivesen nin poutas nin cairos, os homes poderiamos dar conta deles. Agora que o poder soberano está nas poutas e os cairos do gobernante, se os perde rematará como os tigres e os leopardos se perdesen os seus. Lembrade ao Señor de Song, cando Zihan lle tirou as poutas e os cairos, e ao Duque Qian, cando Tien Chang llos tirou. Como non puideron recobralos axiña, foron mortos e os seus estados estouraron.

Han Fei Zi (? - 233 a. de C.)

As leis son a maneira de prohibir o erro e o uso egoísta da autoridade. Os castigos estritos son a maneira de obrigar a cumprir o que se ordena e de disciplinar aos inferiores. A autoridade non deberá residir nunca en dous sitios distintos; a forza do decreto nunca deberá compartirse. Se a autoridade e o poder se comparten con outros, daquela xurdirá todo tipo de abuso. Se a lei non merece respecto, todo o que faga o que manda estará en perigo. Se os castigos non se cumpren, o mal non se dará vencido.

Aínda que un carpinteiro habelencioso sabe xulgar pola vista se unha liña está recta, tomará sempre as medidas cunha regra; aínda que un home de entendemento superior é capaz de manexar os asuntos coa súa agudeza sen máis, acudirá sempre para guiarse ás leis dos reis de antano. Bota a chumbada e a madeira que está encurvada pódese achumbar ben dereita; aplica o nivel, e pódense igualar as protuberancias e as concavidades; equilibra as pesas, e pódese axustar o pesado e o lixeiro; usa os instrumentos de medir e calquera discrepancia de cantidade pódese corrixir. Dese xeito hai que usar as leis para gobernar o estado e dispor dos asuntos todos desa maneira.

Igual que a chumbada non se torce para acomodar o torto da madeira, a lei non fai excepcións para acomodar aos homes ben situados no mundo. O que foi decretado pola lei o home sabio non o disputa e o home valente non o combate. Cando as faltas han de ser castigadas, nin o ministro máis elevado poderá escapar dese castigo, e cando o ben debe ser premiado, nin o labrego máis baixo debe ser esquecido. Nada pode compararse coa lei para corrixir as faltas dos superiores, castigar os fallos dos subordinados, restaurar a orde, expor o erro, parar o exceso, remediar o pernicioso e unificar as normas que rexen a todos.

Han Fei Zi (? - 233 a. de C.)

O rei Hui, de Wei, preguntoulle a Bu Pi "¿Que din por aí de min?

"Din que sodes moi compadecido e xeneroso", respondeu Bu Pi.

O rei Hui exclamou con fachenda: "¡Quen sabe onde vou chegar con tanto mérito!"

"Á ruína é onde ides chegar".

"E logo, ¿non está ben ser compadecido e xeneroso? ¿Como dis que vou para a ruína?"

"Quen é compadecido consente moito, e quen é xeneroso dá de máis. Consentindo, perdóase aos culpábeis, e dando fánselle favores a quen non os merece. Se empezades a perdoar a culpábeis e a dar a quen non o merece, ides dereito á ruína, rei Hui".

Han Fei Zi (? – 233 a. de C.)

Os vasalos, cando se achegan demais ao soberano, poden facerlle moito mal. Os ministros, cando teñen moito poder, danlle a volta ao poder do soberano. As esposas secundarias e as concubinas, cando non son do debido rango, prexudican aos fillos lexítimos. Os irmáns, cando non se someten ao soberano, son un perigo para o altar dos Espíritos da Terra e do Gran.

[…]

Por iso o soberano que sabe o que fai esgota con leis a capacidade dos ministros, e toma medidas para corrixilos cando fai falla. De aí que non haxa perdón da pena de morte, nin compaixón á hora da castigar. Perdoar penas de morte e ser compasivo á hora de castigar e o que se chama "perda de autoridade" do soberano e por iso mesmo derruba o altar dos Espíritos da Terra e do Gran e pásalles a autoridade aos ministros cativos.

Han Fei Zi (? – 233 a. de C.)

En xeral pódese dicir que hai oito maneiras que os ministros usan para facer falcatruadas. A primeira é pola influencia dos que dormen no mesmo leito. ¿E que quere dicir isto? E eu respondo: O que manda déixase enganar facilmente por mulleres encantadoras, amadas concubinas, cortesáns amullerados e mociños bonitos. Todos estes agardan polo tempo en que quere descansar das tarefas do goberno, aprovéitanse de cando comeu e bebeu até máis non poder e está saciado e embriagado, e pídenlle que lles dea o que queren, pois saben ben que lles vai dar o que pidan. Despois, os ministros ofrécenlles en segredo ouro e xoias e empréganos para confundir ao que manda. Iso é o que quero dicir cando falo dos que dormen no mesmo leito.

A segunda é a estratexia de "utilizar aos acompañantes". ¿Que quere dicir isto? Os cortesáns, acompañantes e favoritos do que manda xa lle din que si a todo antes de que ordene nada, e xa lle din "agoriña mesmo" antes de que pida calquera cousa. Eles saben o que vai querer antes de que o pida, porque ollan para a cara que pon, observan a súa expresión e adiviñan o que ten na mente. Veñen canda el en recua, e en recua se retiran, e todos eles contestan a mesma cousa e din o mesmo para convencer ao que manda e influír nel. Os ministros por tanto ofrécenlles dentro do palacio ouro, xoias e regalos valiosos e fan favores prohibidos para eles e logo empréganos para enganar ao que manda e que faga o que eles queren. Isto é o que se entende por "utilizar aos acompañantes".

A terceira é a de "utilizar aos vellos e familiares". ¿Que quere dicir isto? O soberano sente moito afecto polos fillos das súas concubinas, e consulta aos vellos homes de estado e aos cortesáns. Cando todos eses homes xuntan forzas para presentar unha proposta, é seguro que o soberano vainos escoitar. Por conseguinte, os ministros fanse simpáticos cos príncipes e os membros das familias novas ofrecéndolles músicos e mulleres, e fan as beiras aos vellos homes de estado e aos cortesáns con bonitas palabras. E logo propoñen varios emprendementos que seguro que cando cheguen a termo traerán para todos premios e subidas no rango. E con iso aquecen o corazón deses homes e fannos traizoar ao soberano. Isto é o que se entende por "utilizar aos vellos e familiares".

A cuarta é a de "fomentar calamidades". ¿Que quere dicir isto? Os soberanos son dados a disfrutar embelecendo os seus palacios, terrazas e lagos e arrodeándose de rapaces e rapazas decorativos e de cans e cabalos para divertirse. E iso co tempo traerá calamidades. Polo tanto, os ministros esgotan as forzas do pobo para embelecer os palacios, as terrazas e os lagos e aumentan as cargas e as contribucións para proporcionar acompañantes atractivos e bonitos cans e cabalos, e así engaiolan aos soberanos e confúndenlles a mente, conséntenlles os caprichos e eles aprovéitanse e gañan con iso. Isto é o que se entende por "fomentar calamidades".

A quinta é a de "comprar ao pobo". ¿Que quererá dicir isto? Os ministros distribúen diñeiro dos ingresos públicos para compracer ás multitudes e fan pequenos favores para ganar os corazóns da xente e así todo o mundo, na corte e no campo, gábaos e desa maneira eles fan o que queren e confunden ao soberano. Iso é o que se entende por "comprar ao pobo".

A sexta é a de "utilizar os que saben falar con elocuencia e convencer". ¿Que quere dicir isto? O soberano, debido a como foi educado e illado, poucas veces escoita unha fala corrente e case nunca ten ocasión de escoitar debates e por tanto é fácil de convencer polos que falan dun xeito persuasivo. Por conseguinte, os ministros buscan oradores elocuentes dos outros estados e apadriñan aos oradores persuasivos do propio país e logo utilízanos para falar do que eles argallan con palabras pulidas e frases convincentes e fluídas. Así atraen ao soberano contándolle as ganancias que vai haber, asústano con predicións de calamidades que poden acontecer, manipulan a súa mente con andrómenas e vénceno por completo. Isto é o que se entende por "utilizar aos que saben falar con elocuencia e convencer".

A sétima é a de "facer ver autoridade e forza". ¿Que quere dicir isto? Os soberanos manteñen ás veces a súa autoridade e forza tendo de partidarios aos funcionarios e aos comúns, e así o que estes aproban apróbano tamén eles e o que estes condenan eles condénano tamén. Os ministros polo tanto utilizan bandas de homes armados e desesperados para que fagan saber quen teñen autoridade e que os que sexan partidarios deles van ganar sempre e os que non, van morrer, e con iso asustan aos funcionarios baixos e ao pobo e coidan os seus intereses egoístas. Isto é o que se entende por "facer ver autoridade e forza".

A oitava é "amorear axuda dos catro rumbos do compás". ¿Que quere dicir isto? O soberano, se o seu país é pequeno, ten que suxeitarse aos de máis potencia, e se o seu exército é pequeno, ten que apandar co

que lle manden. Mándelle o que lle mande o grande, o país pequeno ten que consentilo, e mándelle o que lle mande o exército máis forte, o exército máis fraco ten que obedecelo. E así pasa que os ministros poñen gabelas e tributos, acaban co tesouro e as armerías, baleiran de provisións os almacéns, e todo para servir ás grandes potencias e utilizar a influencia destas para confundir ao soberano. Cando as cousas se poñen peor é cando lles dá por chamar soldados estranxeiros para que se xunten na fronteira mentres eles ameazan ao soberano. Outras veces convidan a enviados do inimigo para asustar ao seu soberano. Todo iso é o que se chama "amorear axuda dos catro rumbos do compás".

Han Fei Zi (? – 233 a. de C.)

A GUERRA

Quen guía ao gobernante nas maneiras do Dao

non asoballa o mundo pola forza das armas.

As armas, por natureza, vólvense contra quen as usa.

Onde asentan rexementos medran cardos e espiñas.

Despois de cada guerra veñen anos de fame.

O sabio chega e non vai alén.

Non quere conquistar con violencia.

Chega, sen fachenda;

chega, sen runfar;

chega, sen soberbia.

Laia por non ter sido quen para evitar a guerra,

e non quere dominar a ninguén pola forza.

Porque medrar de máis envellece antes de tempo.

E iso é ir contra o Dao.

E o que vai contra o Dao pouco ha durar.

Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

As armas máis labradas son cousa de mal agoiro.

As criaturas teñen noxo delas,

quen segue o Dao non dá moito por elas.

O sabio, no día a día, honra o lado da esquerda,

en tempo de guerra, honra o lado da dereita.

As armas son cousa de mal agoiro.

Non son para que as use o home cultivado.

Só cando non hai outro remedio as usa.

A paz e o acougo son o que máis estima.

Non celebra a vitoria das armas.

Celebrar a vitoria das armas é celebrar mortes de homes.

Quen celebra mortes de homes, ¿como ha encontrar acougo neste mundo?

Nos tempos felices, a honra é para o lado da esquerda,

Nos tempos desgraciados, a honra é para o lado da dereita

No exército, o segundo xeneral vai á esquerda,

e o primeiro á dereita. Como nos funerais.

Porque tantos morreron, acae chorar por eles.

Vitoria e funeral, a mesma cousa.

Lao Zi (séc. VI I a. de C. ?)

Nada hai que sexa máis importante para o estado que a guerra. É asunto de vida ou morte, e dela dependen a prosperidade e a acabación. Por iso hai que estudala, e estudala ben.

Pensando nos resultados da guerra hai que pensar en cinco elementos fundamentais e ver como está cada bando en relación con cada un deles. O primeiro é a política, o segundo o tempo que vai, o terceiro o terreo, o cuarto o xefe, e o quinto a teoría. A política, porque hai que ver se o pobo está conxuntado co seu gobernante e vaino seguir aínda que sexa arriscando a vida. O tempo que vai quere dicir se é día ou noite, se vai frío ou calor, se vai sol ou chove, e en qué estación do ano estamos. Tocante ao terreo, hai que ver qué distancias hai, se é doado de atravesar o campo ou non, se é campo aberto ou moi partillado, porque diso pode depender se se vai sobrevivir ou morrer. No xefe é importante avaliar o saber, a sinceridade, a virtude da humanidade, a coraxe e a severidade. A teoría fixa o artellamento do exército, a graduación dos oficiais, a orde das liñas de aprovisionamento e o abastamento de material ás forzas.

Sun Zi (séc. VI a. de C. ?)

A guerra toda asenta no engano do inimigo. Cando poidas atacar, finxe que non podes, cando esteas máis ocupado en mover as túas forzas, finxe inactividade. Cando esteas preto do inimigo, finxe que estás lonxe, cando esteas lonxe, finxe que estás preto. Isca engados para pescar o inimigo. Bate no inimigo cando estea desnortado. Prepárate contra el cando teña ben asegurados todos os seus preparativos. Non vaias procuralo cando estea máis forte. Se é carraxento, encírrao. Se é fachendoso, atéalle a vaidade. Se a tropa do inimigo se reforzou, mira de esmirrala. Se está unida, mira de desconxuntala e provocar interquenencias nela. Ataca cando o inimigo estea desprevido, e preséntate cando menos o pense. Esas son as chaves da vitoria do estratego. O que non se pode é explicalas todas por miúdo antes da guerra.

Sun Zi (séc. VI a. de C. ?)

O que a guerra procura por riba de todo é unha vitoria rápida. Se a vitoria demora moito en chegar, amófanse as armas e decae a moral. Cando se empregan tropas para asediar cidades, esgótanse os soldados. Cando se empregan tropas en campañas que duran de máis, secan os tesouros do reino. E cando as armas fiquen amofadas, os soldados esgotados e os tesouros secos, os reinos veciños aproveitarán para atacar. E ninguén, por moi esperto que sexa, poderá salvar o país da súa sorte nun caso así. É verdade que teño sentido falar de présa desasisada en cuestións militares, pero tamén é verdade que nunca ouvín falar dunha guerra moi longa que aproveitase ao país.

Sun Zi (séc. VI a. de C. ?)

O xeneral sabio fai que os seus soldados coman do que ten o inimigo, porque un quintal de provisións do inimigo vale por vinte das nosas, e un lote de herba deles vale por vinte dos nosos.

Sun Zi (séc. VI a. de C. ?)

O máis importante na guerra é desfacer a estratexia do inimigo. O seguinte, esbandallar coa diplomacia as alianzas do inimigo. E o último atacar directamente ao exército inimigo. O peor que se pode facer é asediar cidades. Arma un asedio só se verdadeiramente non tes máis remedio, porque arranxar carros, escudos, armas e aparellos leva tres meses polo menos, e fan falla tres meses máis para facer ramplas de terra contra os muros. O xeneral vai virando impaciente e un día manda aos soldados que aganchen polas murallas como formigas, e así morren tantos sen conseguir por iso que a cidade se renda. Esas son as calamidades de atacar cidades.

Sun Zi (séc. VI a. de C. ?)

Se as forzas son dez veces as do inimigo, atacar.

Se as forzas son cinco veces as do inimigo, atacar.

Se as forzas son dúas veces as do inimigo, dividir as do inimigo.

Se as forzas son iguais ás do inimigo, pódese atacar, cando se ten un bo plan.

Se as forzas son menores que as do inimigo, hai que ser capaz de retirarse.

Se as forzas son menores en cantidade e en calidade, hai que saber como evitar o encontro, porque loitar nesas condicións é ir ao matadoiro.

Sun Zi (séc. VI a. de C. ?)

Se queres saber o que é a arte militar, pensa na frecha e na balista. A frecha son as tropas, a balista o xeneral, o balisteiro e o soberano. A frecha, con punta de metal diante e plumas atrás, perfora con acerto e velocidade. Así que, ao despregar a tropa, se colocas a de armamento máis pesado atrás e a de armamento máis lixeiro adiante, será moi vistosa a formación, pero hase desfacer cando se lance contra o inimigo. Pasará iso por non ter seguido o modelo da balista.

O balisteiro é o xeneral. Se os remates da balista non están equilibrados, e un e máis forte que o outro, aínda que a frecha teña ben repartido o peso e ben acertadas a punta e as plumas, non dará no albo. Se o xeneral non creou harmonía no obxectivo das tropas, non vencerá ao inimigo. E aínda se a frecha está ben equilibrada e a madeira da balista ben repartida, se non hai harmonía na mente do balisteiro, tampouco dará no albo.

E aínda que estea ben distribuída a forza das tropas, e que estean conxuntados o xeneral e os soldados, se as direccións do soberano non son as debidas, non se poderá vencer ao inimigo. Para que a balista dea no albo ten que ter todas esas condicións. E igual nas operacións militares. Ese é o Dao da guerra.

Sun Pin (séc. IV a. de C. ?)

O TOLO DE CHU

Jieyu , o tolo de Chu, pasou ao lado do carro de Confucio, e ía cantando:

¡Oh, Fénix, Fénix!

¿Que máis ten se a virtude vai minguando?

O pasado alá vai, n’hai qué facerlle.

Ao futuro aínda podes fuxirlle.

¡Deixa, deixa o que fas!

Os que hoxe gobernan sonche perigosos.

Confucio descendeu do carro e foi cara a el, mais Jieyu andou máis lixeiro e o Mestre non puido falarlle.

Confucio (551-479)